Sobre a comprobación dos datos que figuran no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e en aplicacións informáticas con relación ás escolas infantís, sobre o control dos gastos que lles foron subvencionados pola Xunta de Galicia e sobre a situación respecto da escola infantil Xirandola, localizada na cidade de Santiago de Compostela

- 10516 - 6489 (12/PRE-002317)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o eventual desenvolvemento por parte do Goberno galego de plans de información á poboación relativos ás prestacións sociais ás que ten dereito e a estimación das cifras de persoas acreedoras que non as solicitan por descoñecemento ou dificultades de tramitación

- 10204 - 9564 (12/PRE-002407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis

Sobre o nivel de sinistralidade laboral en Galicia, as actuacións do Goberno galego nos últimos anos, as súas previsións nesta materia e os recursos con que conta o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

O que lle comunico para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1.^a



1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de setembro de 2024, polo que se designa un membro electivo do Consello Consultivo de Galicia

O Pleno de Parlamento, en sesión celebrada o día 24 de setembro de 2024, de conformidade co disposto no artigo 3.2 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, designou membro electivo do Consello Consultivo de Galicia a Andrés Lago Louro.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de setembro de 2024, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, do posto AP25 do corpo administrativo no Servizo de Asistencia Parlamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 28 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos, acórdase convocar e aprobar as seguintes bases:

PRIMEIRO. *Obxecto da convocatoria*

Convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo que figura no anexo I da presente convocatoria, que se axustará ao disposto nas normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.

SEGUNDO. *Requisitos e condicións de participación*

Poderá participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira pertencente ao corpo administrativo do Parlamento de Galicia que se atope en servizo activo, en situación de servizos especiais ou en calquera outra situación administrativa, sempre que teña dereito á reserva de posto de traballo no Parlamento de Galicia e reúna as condicións xerais e os requisitos determinados nesta convocatoria na data de finalización do prazo de presentación de solicitude.

Só poderá participar o persoal funcionario que, reunindo os requisitos anteriores, conte cando menos con dous anos de permanencia de servizo no seu destino anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, agás que fose removido do seu posto de libre designación, proceda dun posto de traballo suprimido ou se encontre en adscrición provisional.



TERCEIRO. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

Quen desexe tomar parte neste concurso presentará a súa solicitude, que se axustará ao modelo publicado como anexo III desta convocatoria, no prazo de quince días hábiles contados dende o día seguinte á súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

As solicitudes irán dirixidas á Oficialía Maior e presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia ou, se é o caso, na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da solicitude de participación (anexo III) serve como solicitude de emisión da certificación de méritos cuxos documentos acreditativos figuren no Rexistro de Persoal, ou unidade competente, ao finalizar do prazo de presentación de solicitudes. Unha vez expedida a certificación polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, será remitida á persoa solicitante e á comisión de méritos.

As persoas participantes que desexen acreditar méritos doutras administracións públicas deberán achegar xunto coa solicitude de participación o certificado de méritos a que se refire o anexo V, ou ben achegar copia que poña de manifesto que foi solicitado.

Deberase igualmente presentar unha relación na que se enumeren os méritos que desexe acreditar a persoa concursante, consignando detalladamente os alegados para o posto de traballo relacionado no anexo I desta convocatoria. Para estes efectos, os méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións ou títulos orixinais ou fotocopias compulsadas.

A experiencia desenvolta no Parlamento de Galicia será igualmente mencionada na solicitude indicando os períodos, as tarefas e as funcións encomendadas ao posto ou aos postos de traballo desempeñados pola persoa concursante, de acordo coas funcións da relación de postos de traballo, sendo necesario que se identifiquen expresamente os períodos de tempos sobre os cales se alegan os citados méritos conforme o anexo IV.

CUARTO. *Admisión de aspirantes*

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Oficialía Maior ditará unha resolución en que declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na devandita resolución, que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia, sinalarase un prazo de dez días hábiles para reparar as causas de exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de reparación, a Oficialía Maior aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia, <http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos>.

QUINTO. *Comisión de méritos*

A comisión de méritos terá a composición prevista no artigo 1 do Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2024, polo que se aproban as normas sobre a composición dos tribunais dos procesos selectivos e das comisións de valoración da Administración do Parlamento de Galicia e o seu nomeamento será obxecto de publicación na páxina web do Parlamento de Galicia.

A comisión de méritos poderá solicitar á Oficialía Maior a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.



A comisión de méritos, no prazo non superior a un mes, contado desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias, publicará na web do Parlamento de Galicia a resolución coa relación das persoas aspirantes presentadas ao concurso, con indicación da puntuación recoñecida por cada un dos méritos alegados. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer reclamación ante a comisión de méritos no prazo de cinco días hábiles.

Nun prazo non superior a quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa presentación, a comisión de méritos resolverá as reclamacións presentadas, se as houber, notificará o resultado destas ás persoas interesadas e elevará unha proposta á Presidencia do Parlamento de Galicia, de resolución do concurso a favor da persoa que acade a mellor puntuación de entre as que consigan a mínima exixida.

A abstención e recusación dos membros da comisión de méritos será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEXTO. *Valoración de méritos*

A valoración dos méritos para a adxudicación das prazas efectuarase de acordo co establecido no artigo 2 das Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia.

Os méritos xerais valoraranse cun máximo de 27 puntos.

Os méritos específicos valoraranse cun máximo de 9 puntos. Esta valoración levarase a cabo mediante a asignación da puntuación reflectida no anexo II.

A puntuación mínima para optar á adxudicación dun posto fíxase en 12 puntos. Ao respecto, considérase que a puntuación mínima que cómpre acadar deberá ser dun mínimo de 9 puntos en méritos xerais e de 3 puntos en méritos específicos.

SÉTIMO. *Resolución e toma de posesión*

A resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia que adxudicará definitivamente o posto ofertado a aquela persoa aspirante que obtivese a maior puntuación publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

O prazo de toma de posesión, que será de tres días hábiles, empezará a contar o día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución do concurso.

OITAVO. *Recursos*

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa



ANEXO I
Posto vacante

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	Complemento específico	Adscrición	Formación	Méritos específicos
AP25	Adminis- trativa/o	C	Adminis- trativo	20	18.008,06 €	APG	· Ágora · Teco · Tramitación de leis. · Elaboración de documentos administrativos · Rexistro · Atención ao público.	Anexo II

FUNCIÓNS DO POSTO:

- O apoio administrativo aos órganos parlamentarios e a elaboración de documentación preparatoria e derivada da súa actividade.
- A asistencia ás reunións dos órganos parlamentarios e o desenvolvemento nestas dos labores de apoio administrativo.
- A asistencia administrativa aos responsables das unidades administrativas ou áreas funcionais.
- A realización das tarefas administrativas que requiran os procedementos parlamentarios e os procedementos de xestión das diversas unidades da Administración parlamentaria mediante a utilización de taquigrafía, mecanografía, tratamento de textos e outras aplicacións informáticas.
- A colaboración na recompilación e ordenación de información e elaboración de documentación derivada da xestión parlamentaria.
- A colaboración na alimentación e explotación das fontes documentais do Servizo e a consulta de precedentes da Administración parlamentaria.
- Traballos de edición e transcripción.
- A alimentación e consulta das bases de datos do servizo.
- A actualización e consulta dos contidos da páxina web do Parlamento de Galicia nas materias competencia do servizo.
- As demais función xenéricas correspondentes ao corpo administrativo.
- Aqueles funcións propias do corpo administrativo que lles sexan encomendadas polos superiores xerárquicos en atención ao grao de especificidade, dificultade técnica, responsabilidade ou demais condicións particulares dos postos que en cada caso ocupen, e que determinaron a súa configuración na relación de postos de traballo.
- Aqueles funcións que, ao seren análogas ás anteriores ou teren carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das competencias da unidade administrativa, lles asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables.



ANEXO II
Méritos específicos

MÉRITOS		VALORACIÓN Puntos/mes	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Uso de ferramentas informáticas de xestión parlamentaria	Ágora	Mes de exercicio: 0,03	3
	Teco	Mes de exercicio: 0,03	
Asistencia a órganos da Cámara	Asistencia presencial	Mes de exercicio: 0,01	3
	Seguimento de procedementos derivados dos órganos da Cámara Lexislativos Comisións Especiais		
		Mes de exercicio: 0,01	
		Mes de exercicio: 0,01	
	Preparación de sesións: convocatorias, documentación, guións, publicación en web e transparencia	Mes de exercicio: 0,01	
	Execución de acordos, redacción de actas, sinatura dixital, arquivo	Mes de exercicio: 0,01	
Rexistro de documentos	Extractos de contidos	Mes de exercicio: 0,01	3
	Rexistro de intereses	Mes de exercicio: 0,01	
	Compulsa de documentos	Mes de exercicio: 0,01	
	Asistencia aos usuarios	Mes de exercicio: 0,01	
	Anotacións no Rexistro	Mes de exercicio: 0,01	



ANEXO III
Solicitud de da persoa interesada

Datos da persoa interesada		
Nome e apelidos		NIF
Corpo	Grupo	Escala
Denominación do posto		

Datos da representación	
Tipo de persoa	
☐ Física	
☐ Xurídica	
Nome e apelidos/Razón social	NIF/CIF
Poder de representación que ten	
Obxecto da solicitude	
EXPÓN	
PRIMEIRO. Que, visto o anuncio de convocatoria de provisión polo procedemento de concurso de méritos do posto de _____, do Parlamento de Galicia, cre reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia. SEGUNDO. Que declara coñecer e aceptar as bases para a provisión do posto polo sistema de concurso de méritos.	
DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE	
• Estar en situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa, excepto a de suspensión firme. • Permanecer como mínimo dous anos no seu actual posto definitivo de traballo ata a data de finalización do prazo de presentación das instancias, salvo as excepcións que recolle a lei. • Pertencer ao corpo/escala a que estea adscrito o posto convocado, así como cumprir os requisitos del establecidos na relación de postos de traballo.	



Orde de preferencia dos postos:

Orde	Nº posto	Denominación	Unidade
1º			
2º			
3º			

Titulación, traballos, cursos de formación e perfeccionamento, antigüidade e relación de méritos alegados:

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nas Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia, se admita esta solicitude para o proceso de provisión referenciado.

Deber de informar sobre protección de datos

☐ Fun informado de que o Parlamento de Galicia vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Parlamento de Galicia
Finalidade principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos
Cesión de datos	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda, tal e como se explica na información adicional
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no seguinte enderezo: http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

Santiago de Compostela, _____

Sinatura

ANEXO IV

Méritos específicos alegados para o posto

N.I.F.		NOME E APELIDOS		
Nº POSTO SOLICITADO	MÉRITOS ESPECÍFICOS ALEGADOS	POSTO AO QUE SE REFIERE E CARÁCTER DA OCUPACIÓN	PERIODO DE TIEMPO	DOCUMENTACIÓN QUE LO ACREDITA

Deber de informar sobre protección de datos	
☐ Fun informado de que o Parlamento de Galicia vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.	
Responsable	Parlamento de Galicia
Finalidade principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos
Cesión de datos	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no seguinte enderezo: http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

Santiago de Compostela, _____

Sinatura.

ANEXO V
Certificado de méritos

D/Dª
Cargo

CERTIFICO: Que, segundo os antecedentes que constan nesta unidade, o/a funcionario/a ten acreditados os seguintes datos:

1. DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome	NIF
Corpo ou escala	Grupo
Administración a que pertence	Grao persoal

2. SITUACIÓN ADMINISTRATIVA NO CORPO OU ESCALA DESDE O QUE SE PRESENTA AO CONCURSO

--

3. DESTINO

3.1 DESTINO DEFINITIVO			
Administración:			
Denominación do posto			
Localidade:			
Toma de posesión:		Nivel do posto:	
3.2 DESTINO PROVISIONAL			
a) Comisión de servizos en:		Denominación posto:	
Localidade:	Data de toma de posesión:		Nivel:
b) Reingreso con carácter provisional en:			
Localidade:	Data de toma de posesión:		Nivel:
c) Outros supostos:			
☐ Por cesamento ou remoción do posto		☐ Por supresión do posto	



4. Méritos

4.1 Postos desempeñados, excluído o destino actual.					
Denominación	Corpo ou escala	Grupo	Anos	Meses	Día
4.2 Grao persoal:		Data de consolidación:			
4.3 Cursos de formación e perfeccionamento:					
4.4 Grao de coñecemento do idioma galego:					
4.5 Titulacións académicas:					
Titulacións académicas en xeral:					
Titulacións relacionadas co/s posto/s de traballo:					
4.6 Antigüidade: tempo de servizos recoñecidos nas administracións ata a data de publicación da convocatoria:					
Administración	Corpo ou escala	Grupo	Anos	Meses	Día
4.7 Exercicio de dereitos de conciliación:					

MÉRITOS		Tempo de exercicio
Uso de ferramentas informáticas de xestión parlamentaria	Ágora	Meses de exercicio:
	Teco	Meses de exercicio:
Asistencia a órganos da Cámara	Asistencia presencial	Meses de exercicio:
	Seguimento de procedementos derivados dos órganos da Cámara	
	Lexislativos	Meses de exercicio:
	Comisións especiais	Meses de exercicio:



	Preparación de sesións: convocatorias, documentación, guións, publicación en web e transparencia	Meses de exercicio:
	Execución de acordos, redacción de actas, sinatura dixital, arquivo	Meses de exercicio:
Rexistro de documentos	Extractos de contidos	Meses de exercicio:
	Rexistro de intereses	Meses de exercicio:
	Compulsa de documentos	Meses de exercicio:
	Asistencia aos usuarios	Meses de exercicio:
	Anotacións no Rexistro	Meses de exercicio:

CERTIFICACIÓN que expido por petición da persoa interesada e para que produza efectos no concurso convocado por Acordo da Mesa do Parlamento do (BOPG núm)

Santiago de Compostela, _____

Sinatura.

Observacións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, presenta a seguinte solicitude de **prórroga** no prazo de presentación de **emendas ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galiza [12/PL-000002 (doc. núm. 6646)]**.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2024 12:17:10





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 11:30:33
Nº Rexistro: 11744
Data envío: 24/09/2024 11:30:33,349

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz, presenta ante esa Mesa a seguinte **solicitude de prórroga** no prazo de presentación de emendas ao **Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia** (PL-000002, doc. núm. 6646)

Santiago de Compostela, 24 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/09/2024 11:28:42

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

39235

@PSdeG



CSV: B6P5TRB9C3J2D4TQ1E18-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, presenta a seguinte solicitude de **prórroga** no prazo de presentación de **emendas ao Proxecto de lei de estatística de Galiza [12/PL-000003** (doc. núm. 11017)].

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2024 12:57:33





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 766**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as necesidades empresariais da comarca de Pontevedra, a ampliación de varios polígonos industriais da zona e a creación dun porto seco en Cerponzóns, Pontevedra"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, cun especial foco naquelas zonas nas que existe demanda de solo empresarial, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector industrial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da comarca de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, ten unha especial importancia o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG), que é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto analizar, diagnosticar, planificar e ordenar a implantación territorial das áreas empresariais de interese autonómico na Comunidade Autónoma de Galicia. A versión vixente do PSOATEG diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Os obxectivos desta lei son, entre outros, evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial. De acordo coa normativa vixente, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, dende o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a 8 anos sen interese os 4 primeiros. Ademais, dende o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Finalmente, tamén é posible a adxudicación de solo en alugueiro nalgúns parques empresariais.

Xa neste mesmo ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais en Galicia, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de máis de medio millón de metros cadrados a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur.

Ademais destas actuacións de desenvolvemento de solo empresarial a través da planificación do PSOAEG e dos procedementos previstos na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, prevé a posibilidade de desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Adicionalmente, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Na área de Pontevedra, Xestur promoveu o parque empresarial de A Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible (concretamente 9 parcelas que suman 83.893,85 m²).

Pola súa parte, a central de Transportes de Ponte Caldelas, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), está urbanizada, prevéndose a execución de obras de reurbanización para adaptar a ordenación á modificación puntual do proxecto sectorial aprobado con data 3/3/2022.

Ademais, o IGVS promoveu o Parque Empresarial de O Campiño, fases I e II. A ampliación de O Campiño é unha actuación incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, e conta cunha superficie bruta de 342.215 m². Neste sentido, Xestur xa licitou o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 219.912€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 177.000€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.





Por outra parte, con data 26/06/2012 aprobouse un Plan Parcial no ámbito de Fragamoreira. No Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia inclúese o Parque Empresarial de Fragamoreira en Poio, que conta cunha superficie bruta de 386.513 m². Xestur iniciou tamén os trámites para o desenvolvemento do parque empresarial de Fragamoreira en Poio, téndose xa licitado o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 200.044€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 158.235,56€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 13:57:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 13:57:40
Nº Rexistro: 10579
Data envío: 05/09/2024 13:57:40,608

CSV: B6P5TRBQJW0R1QD6H2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 1072**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, así como respecto do grao de execución actual e das contías comprometidas destes fondos e dos fondos React-EU"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está dando conta periodicamente da execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e así o pasado 22 de xullo o conselleiro de Facenda e Administración Pública presentou no Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR de finais do segundo trimestre de 2024.

Estes informes poden consultarse na páxina web:
<https://www.nextgenerationgalicia.gal>

Nesta data o importe adxudicado dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia pola Xunta de Galicia acada os 1.027 millóns de euros, case o 90% do importe publicado en convocatorias e licitacións.

A boa execución en Galicia tamén a confirma os datos do Ministerio de Economía, onde Galicia ten a taxa de resolución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) máis alta do Estado, un 78,7% (22,2 puntos máis que a media das CC.AA. e 20,2 puntos máis que a AXE).

Segundo o informe analizado na reunión do Consello, a suma dos recursos do MRR asignados polo Goberno central á Administración galega ascenden a 1.545 M€, o 5,8% do distribuído entre as comunidades autónomas, o que supón menos recursos dos que corresponderían á Comunidade por PIB per cápita. Desá cantidade, a Xunta ten ingresados 1.453M€.

Hai que lembrar que estes fondos se poden executar ata o ano 2026.

Ademais, unhas 45.000 persoas físicas, 8.000 autónomos e máis de 5.000 entidades e sociedades beneficiáronse dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia executados polo Goberno galego ata finais do segundo trimestre de 2024.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





As actuacións concéntranse nas compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia relacionadas coa mobilidade sostible, as enerxías renovables, as políticas públicas para o mercado de traballo, a renovación e ampliación do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, a dixitalización, a modernización do sistema educativo, a economía dos coidados e a inclusión social.

Pola súa banda, a dotación dos PERTES, cos que se financian os proxectos transformadores público-privados, dos máis de 41.000M€ anunciados e de xestión exclusiva do Goberno central, tan só se publicaron 20.593M€, é dicir, o 50%. A contía das resolucións ascende a 12.136 M€, o 59% do publicado, destinándose tan só un 5,5% a proxectos en Galicia (675 M€)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:42:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:42:05
Nº Rexistro: 10545
Data envío: 05/09/2024 09:42:05.179

CSV: B6P5TRB3M5IFRQDznt-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 1220**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a situación da oferta de solo empresarial na área de Pontevedra durante os últimos anos, a repercusión que tivo na actividade económica e as previsións de investimento da Xunta de Galicia nos anos 2024 e 2025 para ampliar a dotación"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, cun especial foco naquelas zonas nas que existe demanda de solo empresarial, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector industrial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da comarca de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, ten unha especial importancia o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE), que é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto analizar, diagnosticar, planificar e ordenar a implantación territorial das áreas empresariais de interese autonómico na Comunidade Autónoma de Galicia. A versión vixente do PSOAE diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Os obxectivos desta lei son, entre outros, evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial. De acordo coa normativa vixente, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, dende o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a 8 anos sen interese os 4 primeiros. Ademais, dende o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Finalmente, tamén é posible a adxudicación de solo en alugueiro nalgúns parques empresariais.

Xa neste mesmo ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais en Galicia, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de máis de medio millón de metros cadrados a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur.

Ademais destas actuacións de desenvolvemento de solo empresarial a través da planificación do PSOAEG e dos procedementos previstos na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, prevé a posibilidade de desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Na área de Pontevedra, Xestur promoveu o parque empresarial de A Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible (concretamente 9 parcelas que suman 83.893,85 m²).

Pola súa parte, a central de Transportes de Ponte Caldelas, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), está urbanizada, prevéndose a execución de obras de reurbanización para adaptar a ordenación á modificación puntual do proxecto sectorial aprobado con data 3/3/2022.

Ademais, o IGVS promoveu o Parque Empresarial de O Campiño, fases I e II. A ampliación de O Campiño é unha actuación incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, e conta cunha superficie bruta de 342.215 m². Neste sentido, Xestur xa licitou o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 219.912€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 177.000€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.

Por outra parte, con data 26/06/2012 aprobouse un Plan Parcial no ámbito de Fragamoreira. No Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia inclúese o Parque Empresarial de Fragamoreira en Poio, que conta cunha superficie bruta de 386.513 m². Xestur iniciou tamén os trámites para o desenvolvemento do parque empresarial de Fragamoreira en Poio, téndose xa licitado o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 200.044€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 158.235,56€ +IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:58
Nº Rexistro: 10544
Data envío: 05/09/2024 09:41:58,382

CSV: B6P5TRB9C3M0S6Gfedi42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 1874**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo " **a situación actual da débeda pública galega, as negociacións que a Xunta de Galicia vai impulsar co Goberno central nesta materia e as consecuencias deste nivel de endebedamento para as finanzas públicas galegas**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A estratexia do goberno galego de endebedamento responsable, fai que Galicia sexa a comunidade que menos aumentou a súa débeda desde 2009, e que a posición sexa moito mellor que hai 15 anos, cando a nosa CCAA. estaba entre as autonomías máis endebedadas.

Co último dato coñecido do Banco de España, correspondente ao primeiro trimestre deste ano Galicia ten hoxe seis puntos menos en ratio débeda/PIB (Galicia 16,2%, Total CC.AA. 22,2%) e debe hoxe 2.209 euros menos per cápita que a media (Galicia 4.582 euros, Media CC.AA. 6.790 euros).

Este endebedamento responsable permite que Galicia estea en niveis de endebedamento de hai máis dunha década, pese a que foi necesario aumentalo na pasada lexislatura por mor da pandemia.

Ademais, o Banco de España ratifica que Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, exercicio no que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, incluídas as comunidades autónomas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:32
Nº Rexistro: 10540
Data envío: 05/09/2024 09:41:32.148

CSV: B6P5TRBQ3Y6JZ0W4dt-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 1970**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"os avances na aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Consello de Contas de Galicia do ano 2023 en materia de transparencia, bo goberno e integridade institucional"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión, prevista no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión da Xunta de Galicia, creouse mediante o Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro, e porase en funcionamento no segundo semestre de 2024.

A revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de maio de 2023 supón, unha auténtica actualización das previsións do Código ético institucional, especialmente na perspectiva da integridade institucional como principio ou política inspiradora de toda a actuación da Xunta de Galicia, así como de xeito mais particular en relación coas situacións de posibles conflitos de intereses, tanto de persoal empregado público como de altos cargos.

Este Plan xeral afecta a todos os fondos, non so aos fondos Next Generation EU.

Polo que respecta á formación específica en materia de integridade institucional e conflitos de intereses xa se inclúe nos plans de formación continua da Escola Galega de Administración Pública da ética pública e da integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público, así como a inclusión dunha formación específica dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos.

En relación á aprobación ou modificación da normativa autonómica en aspectos relacionados coa integridade, debe destacarse xa se produciu unha modificación fundamental na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En canto á regulación dos grupos de interese xa foi prevista no Programa marco de integridade institucional aprobado en maio de 2021, porén, na actualidade estase á espera da aprobación da norma que se está tramitando a nivel estatal nesta materia, na medida en que pode afectar á Comunidade Autónoma.

En relación co anonimato na presentación das denuncias a actualización e revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia incorpora as previsións da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, nesta materia ao recoller a posibilidade de presentación anónima, tanto na canle interna de denuncias da Xunta de Galicia, como nas entidades instrumentais que crearon canles internas propias e independentes daquela. Ademais, habilitouse un buzón de integridade, no que o persoal empregado público pode de xeito preventivo, consultar interpretacións e concrecións sobre o sistema de integridade institucional.

Finalmente, polo que respecta aos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude das distintas Consellerías, no ano 2023 a realizouse por parte da Xunta de Galicia un impulso importante, polo que hoxe en día, un total de 92 centros directivos contan con plans de prevención de riscos aprobados.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, creou a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, adscrita á institución do Valedor do Pobo, como institución autonómica análoga á autoridade independente prevista na Lei 2/2023, do 20 de febreiro.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:05
Nº Rexistro: 10536
Data envío: 05/09/2024 09:41:05.602

CSV: B0P5TRBQJPH0R1QEN#2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En resumo, a Xunta de Galicia aposta decididamente por crear un tecido industrial amplo e sinérxico que consiga acadar os obxectivos establecidos na revisión do Plan Forestal de Galicia e na Axenda de Impulso da Industria Forestal, a través dunha serie de medidas que xa se están a desenvolver, e que nos vindeiros anos continuarán dando resultados, como xa o veñen facendo actualmente.

As principais medidas que a Xunta de Galicia está a promover son as seguintes:

1. Mellora da información sobre o estado dos bosques galegos para poder tomar medidas de política pública acertadas. O Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) naceu como unha ferramenta fundamental de control e planificación. As metodoloxías aplicadas permiten visibilizar un mapa forestal adaptado á realidade dos nosos bosques. Tal e como recolle o IFCG, Galicia conta cunha superficie de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas, das cales o 42,5% da superficie correspóndese con frondosas maioritariamente caducifolias (case 620.000 ha), seguidas por plantacións de coníferas (422.000 ha) e de eucalipto (409.000 ha).

Xa se dispón dunha primeira radiografía realizada polas Escolas forestais do sistema universitario galego sobre a superficie de ocupación dos nosos bosques a unha escala de alta e media resolución que, por primeira vez, exacta e detallada, case a nivel de árbore, as masas forestais de Galicia. En paralelo, o número de parcelas a inventariar capturado pola sociedade mercantil pública autonómica Seaga comeza a ser moi elevado, contándose por miles, o que facilitará non só coñecer a superficie das formacións específicas, senón a súa densidade, volume de madeira e biomasa e, por inferencia, terase por fin un dato certo do carbono absorbido polos bosques de Galicia, o que permitirá, entre outros fitos, crear un sistema galego de créditos de carbono voluntario con todas as garantías.

Ademais, á vista desta información, a Xunta de Galicia puxo en marcha o proxecto técnico para buscar alternativas industriais aos recursos provenientes das masas de frondosas caducifolias, tentando obter o maior valor engadido posible e sempre baixo criterios de xestión forestal sostible. Este proxecto, liderado polo CIS-Madeira, está a facer intervencións de desbastes e rareos en masas de carballo, bidueiro, castiñeiro e cerquiño, sempre mediante modelos silvícolas propostos polo departamento de silvicultura da USC, de novo, nunha alianza da Xunta de Galicia coas Escolas universitarias forestais de Galicia e coa axuda dos serradoiros galegos de frondosas.

Esta liña de innovación e investigación non é allea ao resto de Europa, vimos de abrir canles de comunicación para traballar en conxunto con Alemaña. Grazas aos datos do IFCG somos quen de entender que estamos baixo as mesmas dinámicas que outros países, e a partir de aí, colaborar con outros centros de innovación e excelencia para poder aproveitar de forma sustentable as masas frondosas de Galicia, e deste xeito seguir a loitar contra o abandono e os incendios forestais. E isto é así, porque o cambio climático está a impactar na transición ecolóxica das especies, de feito nos bosques de Alemaña cabe esperar que nas próximas décadas exista unha proporción de frondosas caducifolias do 75%. E aínda que xa existen enfoques prometedores para o uso de especies como (bidueiro, faia), a industria da madeira europea, e por tanto galega, aínda non está preparada para o uso de frondosas en sectores cun alto valor engadido.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:33:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10130
Data envío: 29/08/2024 22:33:08,371

CSV: B6P5T8DQ3M0E0R0H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
05/09/2024 09:40:40



Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: RERJSTREBQATOF00FF51-2
Verificación: CVE-PREPAR: 410d9581-b2d9-1750-8052-cbbec9095343
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:40:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:40:43
Nº Rexistro: 10533
Data envío: 05/09/2024 09:40:43,883

CSV: B6P5T8P930T0F16Mfai-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 2451**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a intención do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia de crear, xunto co grupo portugués ISQ, un centro de investigación do vehículo eléctrico e híbrido en Portugal e as previsións do Goberno galego na loita contra a deslocalización da industria do automóbil na área de Vigo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa. Esta cadea de valor, aglutinada na Agrupación industrial de Automoción e Mobilidade de Galicia (CEAGA), conforma un completo ecosistema colaborativo de innovación con máis de 200 compañías, ás que se suman as máis de 80 startups creadas no seo da aceleradora Business Factory Auto & Mobility. Trátase dunha cadea moi completa, xa que a automoción é unha industria de síntese que integra a diferentes sectores como o da electrónica/Tics, bens de equipo, metal, químico, téxtil, transporte, madeira, etc., pero tamén ao sector servizos, como I+D+i, medio ambiente, loxística, entre outros.

Dentro da cadea de valor, intégrase o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), creado en 2002 por iniciativa do Goberno galego e de CEAGA.

O CTAG ten como principal misión a de contribuír á mellora da competitividade das empresas de automoción, incorporando novas tecnoloxías e impulsando o desenvolvemento, a investigación e a innovación tecnolóxica. Conta actualmente cun equipo de máis de 1.200 persoas, incluíndo unha maioría de persoas técnicas e enxeñeiras.

Como é sabido, o sector da automoción é un sector totalmente globalizado e internacionalizado, cun importante factor de crecemento baseado no I+D+i.

Un dos obxectivos de CTAG para manterse á vangarda da innovación no sector é a mellora permanente dos resultados da súa actividade de I+D+i, adquirindo novos coñecementos tecnolóxicos para ofrecer un servizo máis eficaz ás empresas do sector de automoción, incorporando un maior valor engadido e atraendo novos proxectos, optimizando a súa competitividade, o que lles permite ter investimentos en tecnoloxías de vangarda e de formar e incorporar recursos humanos altamente cualificados.

Outra panca de crecemento do CTAG é a internacionalización, ofrecendo servizos a todos os actores globais, para que se poidan realizar desde Galicia, transformándose nun polo de atracción de investimentos, participando nos proxectos que se desenvolven e fabrican na nosa Comunidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Aínda que a visión de CTAG sexa seguir investindo en Galicia, ofrecendo servizos, produtos e procesos que arraiguen ao sector nesta Comunidade Autónoma, debe responder a unha forte competencia internacional na innovación, o que aconsella, nalgúns casos, manter alianzas estratéxicas con centros tecnolóxicos doutros países comunitarios. Isto levou ao CTAG a crear, cun centro tecnolóxico homólogo e complementario, ISQ, unha join-venture, en base á que se producirán investimentos que para o CTAG serán, en todo caso, minoritarios con respecto aos executados en Galicia. Este tipo de alianzas entre centros tecnolóxicos de distintos países son habituais neste tipo de entidades, sendo enriquecedoras ao permitir a xeración de sinerxías entre os esforzos técnicos e económicos de ambas entidades.

En relación ao apoio da Xunta de Galicia ao sector da automoción, cómpre sinalar que, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector da automoción, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, o pasado mes de xullo tense presentado xa o anteproxecto do seu plan director ao sector, co fin de que as distintas entidades poidan remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao mesmo, previamente á petición do informe Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial e, posteriormente, á aprobación do Plan Director por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Ademais, tendo en conta a celeridade coa que se debe producir o proceso de transición, a Xunta de Galicia publicou a principios de xullo 2024 unha convocatoria dotada con 18 millóns de euros, como primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade.





Por outra parte, co fin de promover a mellora tecnolóxica da automoción galega en toda a cadea de valor, a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio para destinar 4 millóns de euros ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) para a creación de dous laboratorios: o primeiro de compoñentes para vehículos eléctricos e procesos de fabricación, así como un segundo para cuestións como iluminación.

Estas medidas, unidas as distintas figuras de axilización administrativa para a implantación de proxectos industriais, son algunhas das actuacións emprendidas pola Xunta de Galicia para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil, e que permiten paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais, que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:32:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10127
Data envío: 29/08/2024 22:32:47,027

CSV: B6P5TRBQXWQURQF4H2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 2560**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"as medidas e estratexias que prevé desenvolver o Goberno galego para o impulso e a consolidación dos sectores industriais na comarca de Vigo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A industria galega evolucionou positivamente no ano 2023 a pesar do contexto socioeconómico cambiante dos últimos anos: inestabilidade económica global marcada polos conflitos xeopolíticos, que tiveron un efecto importante nas cadeas de subministración combinada coa crise enerxética que afectou negativamente á produción e á exportación. Asemade, os esforzos en sustentabilidade e a adaptación ás normativas medioambientais esixiron de investimentos significativos que, aínda que necesarios a longo prazo, supuxeron un verdadeiro reto inmediato.


En conxunto, a industria galega demostrou unha sobresaínte capacidade de resiliencia e adaptación, sentando as bases para un futuro prometedor, aínda que con importantes desafíos por superar.

Boa mostra é, que a pesar deste contexto global, a industria galega evolucionou positivamente en cifras de VEB industrial, emprego e está conseguindo cifras récord en exportacións.

Estes datos positivos resultan esperanzadores pero, no actual contexto de transición dixital e verde, a industria debe adaptarse e posicionarse para mellorar a súa competitividade e para converter Galicia nun polo de atracción de novos investimentos e proxectos industriais.

Neste sentido, debe tratarse de que o valor engadido bruto industrial aumente o seu peso estrutural e continuar coa senda de evolución positiva dos últimos anos:

Gráfica. Evolución VEB Industrial. Serie 2009-2023



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. (Datos en miles de euros. Nota: os datos anuais de 2021 son provisionais e os referidos a 2022 e 2023 avances).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Como dato de referencia, citar que, anteriormente á covid-19, o ano 2018 é o que marca o mellor rexistro en termos de VEB industrial, acadando o nivel máis alto desde 2009.

No período post-pandemia, 2021 marca o inicio da recuperación, acadando un nivel de VEB próximo aos mellores resultados dos anos precedentes. Sen embargo, é nos anos 2022 e 2023 cando se consolida esta tendencia alcista acadando rexistros récord e marcando os mellores resultados de toda a serie histórica. Cómpre salientar que 2023 segue a mellorar o nivel de VEB industrial, ao rexistrar un incremento interanual do 3,9% sobre o ano precedente.

En canto ao emprego industrial, partindo dos datos anuais da EPA para o ano 2023, a industria galega representa un 14,9% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera a media estatal, que acada un 13,3%. En base a estes datos, pódese afirmar que, estruturalmente, o emprego industrial galego ten un peso superior ao de España. No ano 2023, Galicia rexistrou unha media de 168.200 persoas ocupadas na industria, incrementando a cifra nun 1,45% respecto a 2022.

Co fin de continuar avanzando no impulso da actividade industrial e, polo tanto, na creación de emprego neste sector, a Xunta de Galicia está a desenvolver distintos instrumentos previstos na normativa vixente.

De acordo co artigo 60 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, a planificación da política industrial galega plasmarase nunha estratexia de política industrial que se baseará nos seguintes instrumentos:

- a) Os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia, que son instrumentos de carácter estratéxico que teñen como finalidade promover o desenvolvemento da actividade industrial no sector específico que corresponda, mediante a definición das medidas necesarias para o seu impulso.
- b) O Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais.

En relación ao impulso dos sectores naval e da automoción, de gran importancia na cidade de Vigo e na súa área, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector industrial da automoción e o da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No caso do sector da automoción e da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas dos respectivos sectores, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, o pasado mes de xullo téñense presentado xa os anteproxectos dos plans directores dos sectores da automoción e da construción naval co fin de que as distintas entidades poidan remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao anteproxecto, previamente á petición do informe Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial e, posteriormente, á aprobación dos respectivos plans directores por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Os resultados das medidas destes plans directores terán beneficios positivos tanto na cidade de Vigo, como na súa área, e en toda Galicia.

En canto ao acceso aos fondos comunitarios e estatais, desde a Xunta de Galicia, a través da Oficina Económica de Galicia (Igape) dáse apoio e asesoramento a todas as empresas da Comunidade Autónoma para a preparación dos seus proxectos e presentación ante as diferentes convocatorias de axudas.

En calquera caso, cómpre lembrar que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar os fondos previstos para os PERTE sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas, o que está a repercutir na lentitude e baixa execución, a falta de menos de dous anos para a finalización do prazo de xustificación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:32:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10124
Data envío: 29/08/2024 22:32:26.574

CSV: B6P5T8D9aM0YH9RQk2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 3572**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso , e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre "**os informes do Consello de Contas verbo da transparencia e control público da Sociedade Impulsa Galicia**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Sociedade Impulsa Galicia é unha sociedade en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40%), Abanca (38%), Reganosa (12%) e Sogama (10%). Trátase dun instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Esa é, precisamente, a actividade principal da sociedade: o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital.

Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Conseguindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

O capital inicial dunha sociedade fíxase en atención a unha serie de parámetros, especialmente ás estimacións do seu plan de negocio que, neste caso, consiste en analizar e impulsar proxectos de centos de millóns de euros, que xerarán milleiros de empregos na economía galega, polo que debe ter suficiente capacidade económica para asumir uns gastos de operación para este labor.

Pola súa parte, os ingresos e gastos, reflectidos nas contas anuais, derívanse das actividades propias da sociedade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, en relación ás retribucións dos membros do Consello de Administración, comité executivo e alta dirección, cómpre salientar que ningunha das persoas que forman parte deles en representación das sociedades que participan no seu capital, incluída a Xunta de Galicia, perciben retribución algunha pola dita participación.

En canto aos proxectos impulsados, desde a data de constitución da sociedade, téñense dado importantes pasos en firme en diferentes proxectos, algún dos cales están xa nunha fase avanzada de tramitación. Agora ben, como calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidas, nin todas están no mesmo estado de madurez.

Unha vez os proxectos se atopan en tramitación, a información está dispoñible para toda a cidadanía, como no caso do proxecto industrial estratéxico "proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas", cuxa información pública pode consultarse na ligazón https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html

Por outra parte, no caso de Recursos de Galicia, a sociedade constituída está xa en operación, como se ten informado publicamente en diversas ocasións, co obxectivo último de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traducirá sempre en riqueza social para a comunidade.

Finalmente, existen outros proxectos que actualmente se atopan en fase de conceptualización, e cuxa tramitación non ten comezado. Nestes casos, ao tratarse de proxectos nos que poden participar empresas privadas, nalgúns casos con acordos de confidencialidade (cómpre lembrar que a propia Sociedade Impulsa Galicia ten maioría de capital privado), deben respectarse as necesarias cautelas derivadas do segredo comercial ou industrial.

En calquera caso, cómpre salientar que os proxectos impulsados por Impulsa Galicia foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade, sendo un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo.

Finalmente, con respecto ao carácter da Sociedade Impulsa Galicia, cómpre salientar que se trata dunha sociedade privada con participación pública minoritaria. Non se trata dunha sociedade mercantil pública autonómica, por non concorrer nela os requisitos establecidos no artigo 102.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), que determina que para ter tal condición no seu capital social ten que ser maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Tampouco é unha sociedade mercantil á que, aínda non sendo autonómica, lle sexa de aplicación a Lofaxga, por non atoparse en ningún dos supostos regulados no apartado 2 do artigo 102, dado que nesta sociedade, nin a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nin as entidades instrumentais reguladas nesa lei dispoñen da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios; ademais, tampouco a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nin as entidades instrumentais reguladas nesa lei teñen dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10585
Data envío: 05/09/2024 14:01:47,823

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 14:01:47

CSV: B6P5T8D2K0TAQ2Rt4t2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 3622**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación biolóxica da ría de Cedeira e o traballo que exerce a Xunta de Galicia na súa recuperación e protección"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 13 de xuño de 2024 a Xunta de Galicia, trasladou o labor realizado nos últimos anos polo Goberno galego e o seu compromiso na procura de medidas que contribúan a mellorar a clasificación microbiolóxica das zonas de produción marisqueira da ría de Cedeira, nunha xuntanza que presidiu a Delegada Territorial da Xunta en Ferrol, con responsables municipais de Cedeira e Valdoviño na que participaron tamén representantes da confraría de Cedeira no que as partes acordaron incrementar a colaboración e os contactos ante calquera cuestión na que se poida avanzar.

Durante a reunión expúxose a situación dos bancos marisqueiros da Magdalena (Cedeira) e de Vilarrube (Valdoviño), ambos actualmente clasificados como zona C, onde o produto subtraído non se pode comercializar ao fresco sen pasar previamente por un proceso de depuración natural mediante reinstalación. Neste sentido, afondouse nas posibles causas dos resultados das analíticas que periodicamente realiza o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) e que determinan esa clasificación microbiolóxica como zona C.

No encontro participaron tamén a directora do Intecmar, o presidente de Portos de Galicia, e o director de Augas de Galicia, ademais de técnicos doutros departamentos.

O responsable do organismo hidráulico deu conta dos resultados da última campaña do Plan de Control de Vertidos (PCV) efectuada na que se constataron dous puntos de vertido na rede de saneamento municipal do Concello de Cedeira como principais focos de contaminación que puideran afectar á zona.

Por iso, o responsable de Augas de Galicia insistiu na necesidade de que o Goberno local faga un plantexamento para solucionar os problemas no saneamento toda vez que se trata dunha responsabilidade de competencia municipal. Nesta liña acordouse seguir actuando de xeito coordinado entre todas as partes implicadas para corrixir posibles ineficiencias adicionais que poidan existir.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nesta liña, o responsable de Aguas de Galicia tamén lembrou que a Xunta leva anos prestando apoio técnico e orzamentario aos concellos da zona para avanzar neste eido, como foi o caso do de Cedeira, co que contribuíu nun millón de euros nas obras de acometida da rede de separación de augas pluviais e fecais na parte nova da vila. No marco desta estratexia coa que o Goberno galego busca ofrecer unha alternativa de xestión autonómica dos servizos da auga, tamén informou dunha liña de axudas do Executivo galego para que os concellos realicen auditorías nas súas redes municipais coa fin de solucionar este tipo de incidencias e de optimizar o seu funcionamento."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 9:41:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:41:00
Nº Rexistro: 10135
Data envío: 30/08/2024 09:41:00,133

CSV: B6P5TRB3G4MUR0G6H9.2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 3742**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas , sobre “ **o traballo preventivo e de inspección levado a cabo pola Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, as previsións para 2024 e o grao de desenvolvemento dos instrumentos de control que ten a Administración autonómica neste eido, así como sobre a existencia do Consello Galego de Seguridade Industrial**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En relación á seguridade industrial, o modelo actualmente vixente baséase no autocontrol e participación de terceiras partes independentes, de acordo cos criterios establecidos a nivel comunitario. Os regulamentos de seguridade industrial regulan as inspeccións das instalacións, realizadas habitualmente polas OCAs (antigos Organismos colaboradores coa administración e actuais Organismos de Control), auditadas e vixiadas pola entidade de acreditación ENAC, coa colaboración e tutela da administración.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, establece no seu artigo 5.2 que os instrumentos integrantes do sistema de control da seguridade industrial en Galicia son os seguintes:

- Intervención administrativa na instalación, modificación ou posta en funcionamento de establecementos e instalacións industriais nos termos descritos no capítulo I deste título.
- Rexistro Industrial de Galicia.
- Rexistros de instalacións industriais.
- Inspección industrial: plans e programas de inspección.
- Entidades legalmente habilitadas.

Polo tanto, entre as ferramentas que coadxuvan a cumprir eficazmente o servizo de vixilancia e inspección referente á seguridade dos establecementos, instalacións e produtos industriais atópanse os plans de inspección como fórmula idónea para garantir o cumprimento dos regulamentos de seguridade industrial e a normativa que lles resulte de aplicación.

Os plans de inspección enmárcanse así nunha cultura da seguridade industrial baseada na adopción de medidas preventivas e correctoras, co obxectivo de acadar unhas instalacións industriais máis seguras. A eles se refiren os artigos 13 e 14 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, indicando o primeiro deles que a dirección xeral competente en materia de industria elaborará e aprobará, con carácter periódico, plans de actuacións inspectoras

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





programadas e que mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de industria se aprobarán o obxecto, contido e ámbito de actuación que informen cada plan, así como as instrucións que han de cumprirse polas entidades legalmente habilitadas e os servizos correspondentes das xefaturas territoriais do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de industria, para levar a cabo as inspeccións que han de realizarse conforme ao plan e programas que se aproben.

Os plans de inspección son tamén un instrumento estatístico que permite comprobar o control do cumprimento das distintas instalacións sometidas á normativa de seguridade industrial. Así mesmo, os plans e programas de inspección permiten ter un coñecemento máis rigoroso da realidade do tecido industrial e das necesidades en materia de seguridade.

En relación aos plans e programas de inspección en materia de seguridade industrial, regúlanse na actualidade no título I do libro primeiro do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro (o cal derroga a Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia), e no Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobándose mediante Orde publicada no Diario Oficial de Galicia.

De conformidade co artigo 13.2 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de industria apróbanse os sucesivos plans anuais, nos que se describen o obxecto, o contido e o ámbito de actuación. Sendo o obxecto do Plan de inspección, a comprobación da adecuación da posta en funcionamento e as condicións de servizo dos establecementos, instalacións, actividades e produtos respecto dun ou varios dos regulamentos de seguridade e da normativa que lles sexan aplicables.

No ano 2011 publícase a primeira Orde pola que se aproba o obxecto, contido e ámbito de actuación do Plan de inspección da seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, e, cada ano, con carácter xeral, publícase a correspondente orde de aprobación do plan de inspección

Por outra parte, a Administración competente en materia de industria fai un control por mostraxe tanto dos establecementos, das instalacións, dos produtos e das actividades industriais, comprobando a adecuación, xa sexa da súa posta en funcionamento e condicións de servizo, ou o que proceda, aos requisitos legais, regulamentarios e técnicos previstos na normativa aplicable. No seu caso esíxense as responsabilidades que correspondan nos supostos de incumprimentos legais ou defectos técnicos, acordando o inicio de expediente sancionador, se procede.

En relación ás inspeccións do ano 2023, o 12 de xuño de 2023 publicouse no DOG a Orde do 2 de xuño de 2023, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se aproba o plan de inspección en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. No seu artigo 7 establécese que a vixencia do Plan de Inspección 2023 comezará o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, estendéndose ata o 31 de marzo de 2024.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O Plan de Inspección 2023 para a Comunidade Autónoma de Galicia estivo composto polos seguintes programas e número de inspeccións:

PROGRAMAS		SECTORES	N.º INSPECCIÓNS
1	Instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial	Instalacións eléctricas de baixa tensión	75
		Instalacións de xeración asociadas ao autoconsumo	75
		Alta tensión e Centros de transformación particulares	60
		Ascensores	45
		Instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos: Subministración a vehículos	30
		Instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos: Subministración a vehículos propios	30
		Instalacións térmicas en edificios	15
		Instalacións de almacenamento de produtos químicos	5
		Instalacións de seguridade contra incendios en establecementos industriais	15
2	Empresas instaladoras ou mantedoras no ámbito da seguridade industrial	Declaracións responsables de empresas instaladoras ou mantedoras no ámbito da seguridade industrial	233
3	Accidentes graves	Establecementos industriais afectados polo R.D. 840/2015, de 21 de setembro, no seu nivel superior	13
4	Empresas que manipulan gases fluorados	Declaracións responsables de empresas que manipulan gases fluorados nos ámbitos das instalacións frigoríficas, instalacións térmicas nos edificios, instalacións de protección contra incendios e en instalacións de alta tensión.	50

No caso do ano 2024, no DOG Núm. 107 do martes, 4 de xuño de 2024 publicouse a Orde do 24 de maio de 2024 pola que se aproba o Plan de inspección en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Ademais, aprobouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Galega de Organismos de control autorizados para a realización dun plan extraordinario de inspección en materia de seguridade industrial e unha campaña de inspección de vixilancia de mercado no ano 2024.





En todo caso, aparte destas inspeccións previstas no Plan, os Departamentos Territoriais realizan as actuacións de comprobación que consideran necesarias.

Por outra parte, adicionalmente aos dos plans anuais de inspeccións, nos últimos anos realizáronse diversas actuacións en materia preventiva para promover a seguridade industrial en Galicia:

- Contacto con Asociacións profesionais (instaladores e mantedores), técnicos proxectistas e organismos de control.
- Labores de información, asesoramento, control de inspeccións regulamentarias, dos axentes implicados na seguridade industrial (titulares das instalacións, proxectistas, instaladores e mantedores habilitados e organismos de control).
- Convenios de colaboración entre a consellería competente en materia de industria e a Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados para a realización dun plan de inspección en materia de seguridade industrial.
- Plans de inspección de eficiencia enerxética de instalacións térmicas en Galicia, ao amparo da normativa de seguridade industrial de Galicia.
- Convenio de colaboración entre a Consellería competente en materia de industria e ASGOCA para o desenvolvemento dunha campaña de difusión e concienciación sobre seguridade industrial en Galicia.
- Convenio de colaboración entre a Consellería competente en materia de industria e a Federación Galega de Asociacións Provinciais Empresariais de fontanería, calefacción, gas, climatización, mantemento e afíns "FEGAFON", para o desenvolvemento dun proxecto de marca de garantía no sector das empresas instaladoras de fontanería en Galicia.
- Información accesible ao público (<https://oficinavirtualindustria.xunta.gal/>) sobre empresas instaladoras e mantedores habilitadas no campo da seguridade industrial, procedementos de xestión inscrición de instalacións e empresas habilitadas, mediante procedementos telemáticos na oficina virtual de industria (abertos 24 h/365 días o ano).
- Proporcionase información durante todas as fases dos trámites administrativos relacionados coa seguridade industrial, derivados da posta en marcha ou da modificación das instalacións industriais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5T8D9C3M6F0R4#3-2
Verificación: CVE-PPREPAR: 5a9b97a3-9370-e5c7-9c71-43eede33a8b6
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Xa no ano 2024, reforzáronse e fortalecéronse as medidas en materia de seguridade industrial en Galicia mediante as seguintes actuacións:

- Plan extraordinario de inspeccións en materia de seguridade industrial 2024, que completa e reforza o Plan ordinario, a través dun novo convenio de colaboración entre asinado coa Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados.
- Convenio de colaboración co ICOIIG-Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia para desenvolver diversas actuacións de fomento e difusión en materia de seguridade industrial.
- Establecemento dun mecanismo para regularizar instalacións sometidas aos regulamentos de seguridade industrial.
- Posta en marcha do Consello Galego de Seguridade Industrial, previsto como un órgano colexiado da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de industria, de natureza consultiva e de participación, para o impulso e coordinación dos criterios e actuacións en materia de seguridade industrial. Así, o pasado 4 de xullo de 2024 constituíse o Consello Galego de Seguridade Industrial, aprobándose na mesma data o Regulamento de organización e funcionamento do mesmo, o cal no seu artigo 5 establece a composición do consello de conformidade co establecido no artigo 31 do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Na citada sesión constituínte do Consello ademais de aprobarse o citado Regulamento de organización e funcionamento do Consello Galego de Seguridade Industrial, constitúense os Comités Executivos previstos no Regulamento e aprobase a constitución das seguintes seccións técnicas e grupos de traballo:

Dependentes do Comité Executivo de Normalización:

- A Sección técnica de normalización para a regularización de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial.
- A Sección técnica de normalización de aparatos elevadores.
- Grupo de traballo para a implantación e seguimento da normativa SEVESO.

Dependentes do Comité Executivo de Regulamentos de Instalacións Industriais:

- A Sección técnica do Regulamento de Baixa Tensión, a proposta da consellería de economía e industria.
- Grupo de traballo sobre Polígonos empresariais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Dependente do Comité Executivo do Regulamento de Instalacións Térmicas:

- A Sección técnica de Regulamento de Instalacións Térmicas en Edificios.

En relación aos sistemas de información de cara á poboación, de acordo coa normativa vixente, entre os deberes e obrigas das persoas titulares dos establecementos e das instalacións figura "Tomar cantas medidas sexan necesarias para previr accidentes e limitar as súas consecuencias para as persoas e o medio ambiente".

Co fin de facilitar o cumprimento desta obriga, na páxina web da Xunta de Galicia, dentro da Consellería de Economía e Industria, dáse información sobre a periodicidade das inspeccións por OCAs para as distintas instalacións/establecementos. Así mesmo tamén, existe a relación de Organismos de Control para a seguridade industrial, así como empresa instaladoras e mantedoras.

A maiores hai Información accesible ao público (<https://oficinavirtualindustria.xunta.gal/>) sobre empresas instaladoras e mantedores habilitadas no campo da seguridade industrial e organismos de control, entidades de formación, talleres de reparación de vehículos, procedementos de xestión inscrición de instalacións e empresas habitadas, mediante vía telemática na oficina virtual de industria (abertos 24 h/365 días o ano) nos que se indica en cada un deles a regulamentación aplicable. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:32:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10121
Data envío: 29/08/2024 22:32:05,387

CSV: B6P5TRB9GIM6fR4R4B-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 3965**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo **"as diferenzas do prezo das parcelas dos polígonos empresariais de Taboada e Monterroso, a situación en que están as infraestruturas de auga, electricidade e urbanización no caso de Taboada e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para pórllles solución a estes problemas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Os prezos do solo empresarial nos concursos de venda convocados pola Administración Autonómica dependen do custo de desenvolvemento dos distintos parques empresariais. Así, a diferenza temporal entre a execución das obras do parque de Monterroso (finalizadas en 2008) e o de Taboada é o que marca a diferenza de custos para a súa execución e, polo tanto, este feito reflíctese no prezo de venda. O incremento dos custos tanto de materiais como de man de obra, o aumento dos estándares que deben cumprir as obras dos parques empresariais en máis dunha década fan que, en xeral, o custo por metro cadrado necesario para o desenvolvemento dun parque empresarial sexa moi superior na actualidade, con respecto a 2008.

Neste caso, tamén inflúen as infraestruturas eléctricas que foi necesario executar para dar servizo ao parque, o que tamén repercute no prezo final do solo.

En relación á situación actual do polígono, cómpre salientar que o parque empresarial de Taboada xorde a través dun convenio entre o Concello de Taboada e o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (en diante, IGVS), asinado o 13 de xuño de 2001 e modificado o 22 de decembro de 2008. O polígono empresarial desenvolveuse en dúas fases, estando xa redactado e aprobado o planeamento de todo o ámbito.

A fase I está rematada coas obras de urbanización rematadas e recepcionadas, encóntrase en funcionamento. No último concurso de venda de parcelas de titularidade do IGVS (Resolución de 13 de febreiro de 2024) figuraban parcelas desta fase e quedaron desertas (concretamente 5 parcelas que supoñen un total de 5.400 m² dispoñibles). As parcelas foran ofrecidas cunha bonificación do 50%, que é a mesma bonificación que se aplica no parque empresarial limítrofe de Monterroso.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Pola súa parte, a fase II encóntrase parcialmente urbanizada. O concello de Taboada, en sesión extraordinaria de data 21 de xuño de 2024, outorgou a licenza de parcelamento urbanístico dos terreos da segunda fase.

Como seguinte paso, levaranse a cabo as obras recollidas no proxecto de terminación da urbanización, electrificación e alumeadado público do parque empresarial de Taboada. Cómpre sinalar que o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma, debendo terse en conta que actualmente hai solo dispoñible a prezos bonificados na fase I do dito parque."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5U8B0C1W3R0@Krt6-2
Verificación: CVE-PRPAR: 50d2ab70-b014-6a73-1bf4-0aa76c7d4973
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:40:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:40:16
Nº Rexistro: 10529
Data envío: 05/09/2024 09:40:16.415

CSV: B6PSTB93W18R0@Krt6-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4069**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o investimento realizado polo Goberno galego no grupo atuneiro Atunlo nos últimos quince anos e as medidas que prevé desenvolver, no contexto marcado pola crise desta empresa, para garantir o emprego e a actividade no sector mar-industria"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas Consellerías de **Emprego, Comercio e Emigración** e de **Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Respecto do anuncio do Expediente de Regulación de Emprego (ERE) polo grupo Atunlo, trasladar que dende a Xunta de Galicia, como autoridade laboral, pon sempre a dispor das partes a súa capacidade mediadora.

Apelamos a que as partes negociadoras, empresa e representantes dos traballadores, avancen no proceso con vontade de colaboración e transparencia.

O Goberno galego implica os seus esforzos para garantir a boa fe no proceso de negociación do ERE, para a mellor salvagarda dos dereitos dos traballadores e para minimizar o seu impacto nas familias afectadas.

A pesca, o marisqueo, a acuicultura mariña e o sector transformador dos produtos do mar dan traballo na nosa Comunidade a máis de 50.000 persoas, o que supón máis do 50% do emprego marítimo-pesqueiro de España e o 10% da Unión Europea. De feito, o 91% das ramas de actividade económica galega teñen relación co sector marítimo-pesqueiro.

Galicia é a comunidade líder na transformación e conservación de produtos procedentes do mar. É a maior produtora de conservas de peixes e mariscos de España e aporta máis do 50% da facturación do sector do conxelado a nivel nacional e segue a ser a primeira comunidade da táboa en canto ao número de empresas do sector.

A actividade marítimo-pesqueira e transformadora esténdense por 120 concellos, case corenta máis dos que están no litoral, converténdose nunha parte esencial máis dos artífices de xerar un 5 % do PIB galego.

Neste marco, o impulso das exportacións de produtos do mar galegos, como no resto de industrias galegas, están a alcanzar rexistros históricos.

Así, en 2023 Galicia situouse no posto 15 mundial en vendas externas de produtos de pesca, con máis de 608.000 toneladas por valor de 2.787 millóns de euros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Todos estes datos son o resultado dun sector marítimo-pesqueiro con actividades moi diversas -como a pesca, o marisqueo, os cultivos mariños, a transformación de produtos do mar ou a súa depuración- e máis de 120 portos que xeran unha importante actividade económica.

Neste contexto, o Goberno galego, ao igual que co resto de sectores da nosa economía, vén colaborando coas empresas do sector mar-industria na procura de garantir a súa competitividade e seguir a mellorar os rexistros históricos de vendas ao exterior.

No obstante, a boa evolución xeral do mercado non impide que existen situacións delicadas, como sucede nestes momentos con Atunlo.

A Xunta de Galicia está a seguir polo miúdo a evolución dos acontecementos e a situación da empresa e, sobre todo, das persoas traballadoras.

Desde a Xunta, como temos feito sempre, temos o máximo respecto polos procesos xudiciais, confiando en que se acade unha solución en favor do emprego o antes posible.

O sector mar-industria é prioritario para Galicia e debemos seguir apostando pola mellora dos seus procesos produtivos e afondar na transformación industrial que defendemos desde a Administración autonómica para facer fronte ao novo contexto socioeconómico e ser máis competitivos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 9:40:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:40:52
Nº Rexistro: 10134
Data envío: 30/08/2024 09:40:52.508

CSV: B6P5TRBQCM6TFAQCHU-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4369**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo **"os datos e o balance da execución en Galicia, nos exercicios de 2022 e 2023, do Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas, a data para a convocatoria de 2024 e as medidas previstas polo Goberno galego para facilitar que estas axudas cheguen ás persoas en situación de maior vulnerabilidade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"No marco da execución das medidas recollidas no Pacto da Vivenda de Galicia 2021-2025 insírese unha serie de liñas de axudas para a rehabilitación, rexeneración e renovación urbana orientadas especificamente á mellora da eficiencia enerxética e mellora da sustentabilidade en vivendas, nas que se inclúen liñas de axuda tanto para particulares como para edificios. Financiadas con fondos europeos, as axudas convocadas con este obxectivo en 2022 e 2023 supuxeron axudas concedidas por un importe de 103,5M€ das que se beneficiaron 19.072 vivendas.

Para o 2024 a Xunta publicou a nova convocatoria de axudas no DOG 12.07.2024 por un importe de 34,1M€. O prazo para solicitalas está aberto ata o 13 de setembro, ou ata que se esgote o crédito. Trátase de subvencións financiadas con fondos europeos do programa Next Generation UE e foron convocadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo por primeira vez no 2022.

No marco desta convocatoria recóllense tres liñas de axuda: unha destinada a mellorar a eficiencia enerxética de edificios de vivendas de tipoloxía colectiva cun orzamento de 28.568.052 euros; outra dirixida á rehabilitación de vivendas individuais en edificios residenciais colectivos, cun orzamento de 3.500.617 euros e unha terceira para a elaboración do libro do edificio, que contará cunha dotación de 2.071.770 euros para esta convocatoria de 2024.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cómpre sinalar que entre 2021 e 2023 desde a Xunta concedéronse axudas para a mellora da eficiencia enerxética de 22.000 vivendas por importe de 118 millóns de euros."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:40:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:40:09
Nº Rexistro: 10528
Data envío: 05/09/2024 09:40:09.337

CSV: B6P5TRB9321052810528
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4890**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo "**o estado do expediente da subvención concedida ao Concello de Valga para a construción dunha subestación eléctrica co obxecto de dar servizo ao polígono empresarial da Medela e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que se poida executar a obra**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Valga foi un dos catro beneficiarios da convocatoria de axudas publicada o 26/01/2022, destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo coa resolución de concesión, o concello resultou beneficiario dunha subvención de 1.000.000,00€ para o reforzo e a extensión da rede do polígono de Valga, obra cun investimento subvencionable de 1.299.836,45€.

Antes de finalizar o prazo de xustificación dos investimentos, previsto inicialmente para o 31/10/2023, solicitou ampliar o dito prazo, debido á unha serie de dificultades na tramitación administrativa do expediente de contratación e á situación do mercado a nivel mundial, que provocaba retrasos nos prazos previstos de subministración dos equipos necesarios para acometer a obra.

Unha vez analizado o expediente, e verificándose o cumprimento da normativa vixente en materia de subvencións, resolveuse modificar a resolución de concesión, reaxustándose as anualidades previstas das axudas (ampliación ata o ano 2024), resultando da seguinte forma:

N.º EXPEDIENTE	CONCELLO	AXUDA CONCEDIDA (€)	AXUDA 2022 (€)	AXUDA 2023 (€)	AXUDA 2024 (€)
IN519D2022/02-0	Valga	1.000.000,00	37.219,74	312.092,93	650.687,33

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Con respecto ás contías xa xustificadas, cómpre salientar que o Concello de Valga xustificou 48.381,31€ na anualidade 2022 e libráronselle 37.219,74€ de subvención.

Así mesmo, xustificou 405.684,30€ na anualidade 2023 e libráronselle 312.092,93€ de subvención.

Ademais, respecto á anualidade 2024, e de acordo co establecido nas bases da convocatoria, o Concello solicitou e obtivo un anticipo do 50% da axuda, por un importe de 325.343,66€.

Polo tanto, a día de hoxe, os pagos xa realizados ao Concello de Valga en relación a este expediente son os seguintes:

- 2022: 37.219,74 €
- 2023: 312.092,93 €
- 2024: 325.343,66 € (en concepto de anticipo).

Non consta a día de hoxe que por parte do Concello de Valga se teñan xustificado os investimentos correspondentes á anualidade do ano 2024, para a que o investimento subvencionable pendente de xustificar polo Concello é 845.770,84 euros e o importe da axuda correspondente é 650.687,33 euros.

Finalmente, cómpre sinalar que a Consellería de Economía e Industria ten coñecemento dos problemas de subministración que están a experimentarse en certos compoñentes industriais, incluídos os eléctricos, e que están a afectar aos prazos de subministración inicialmente previstos para obras de certa envergadura, como a que se está a desenvolver no Concello de Valga.

Por esta razón, e dentro das posibilidades que ofrece a normativa vixente, ampliouse o prazo inicialmente previsto para a xustificación dos investimentos deste expediente e reaxustáronse as anualidades orzamentarias previstas na resolución de concesión.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, na convocatoria de subvencións destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2024, estableceuse unha liña específica para os proxectos que obtiveran axuda na convocatoria 2022-2023, cuxos solicitantes presentaron unha renuncia á axuda por falta de tempo para obter as autorizacións e executar os proxectos. Adicionalmente, nesta convocatoria preveuse que o prazo de execución incluíse tres anualidades (2024 a 2026), co fin de adecuar os prazos da convocatoria de axudas aos prazos que actualmente están a requirir este tipo de obras."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:39:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:39:48
Nº Rexistro: 10525
Data envío: 05/09/2024 09:39:48,837

CSV: B6P5TRBGSJK0FQWIAU-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
29/08/2024 22:31:38

Unha vez os proxectos se atopan en tramitación, a información está dispoñible para toda a cidadanía, como no caso do proxecto industrial estratéxico “proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas”, cuxa información pública pode consultarse na ligazón https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html

No caso de Recursos de Galicia, a sociedade constituída está xa en operación, como se ten informado publicamente en diversas ocasións, co obxectivo último de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traducirá sempre en riqueza social para a comunidade.

Finalmente, existen outros proxectos que actualmente se atopan en fase de conceptualización, e cuxa tramitación non ten comezado. Nestes casos, ao tratarse de proxectos nos que poden participar empresas privadas, nalgúns casos con acordos de confidencialidade (cómpre lembrar que a propia Sociedade Impulsa Galicia ten maioría de capital privado), deben respectarse as necesarias cautelas derivadas do segredo comercial ou industrial.

En calquera caso, cómpre salientar que os proxectos impulsados por Impulsa Galicia foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade, sendo un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:31:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10118
Data envío: 29/08/2024 22:31:43,356

CSV: BGRSTB93t4gBNQFmp4-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5221**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo **"o investimento, o prazo para efectualo ou outro tipo de colaboración que a Xunta de Galicia prevé en relación coas obras de remodelación do hospital asilo de Ribadeo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Ribadeo está a reformar integramente o "Hospital Asilo municipal de San Sebastian e San Lázaro", para a súa adecuación como Centro residencial para persoas maiores. O custo total da obra ascende a mais de 1,5 millóns de euros.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Xuventude, vai colaborar co concello de Ribadeo no cofinanciamento desta actuación a través dun convenio de colaboración por un importe de 700.000.-€. O resto da financiación vai ser aportada polo propio concello, para o que conta con fondos procedentes dunha doazón efectuada no seu día por un ilustre veciño da vila para ese fin.

Esta colaboración económica da Xunta de Galicia vai posibilitar que o concello de Ribadeo poida completar a rehabilitación do antigo hospital asilo, para o seu uso como residencia de maiores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:39:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:39:41
Nº Rexistro: 10524
Data envío: 05/09/2024 09:39:41.462

CSV: B6P5T8DGAJDFH6Q0tt2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5498**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"el cumplimiento de los compromisos del Gobierno gallego, a través del IGVS, verbo de la incorporación de la madera estructural y de materiales locales, así como otros criterios de sostenibilidad, en la construcción de iniciativa pública"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Instituto Galego da Vivenda e Solo licitou a redacción dos proxectos, construción e dirección de obras de dous grupos de 37 e 21 vivendas de promoción pública en San Paio. Nos pregos indícase que a construción deberá realizarse co emprego de técnicas industrializadas, entre as que se conta o emprego da madeira.

Ademais, vense autorizar a contratación para construír outros dous grupos de vivendas, industrializadas, en San Paio de Navia, 19 e 38 vivendas respectivamente, que tamén inclúen mediante novas técnicas de construción industrializada, aplicando unha ou varias patentes, que permitan axuntar arquitectura con prefabricación, nunha relación que permita optimizar (en prazo, en prezo, en sustentabilidade, en seguridade e/o en calidade e mellor uso e mantemento durante a vida útil do inmovible) a referida promoción.

Entre as técnicas industrializadas que se inclúen nas bases da licitación da contratación das mesmas está o emprego de madeira, tanto na estrutura dos inmoables como en outros elementos dos mesmos.

O IGVS prevé continuar licitando obras de vivendas de VPP industrializadas e co emprego da madeira nas mesmas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:39:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:39:34
Nº Rexistro: 10523
Data envío: 05/09/2024 09:39:34.119

CSV: B6P5T8DQxW7H4Df9it-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5709**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"determinadas cuestións procedementais respecto do proxecto de urbanización do Parque Tecnolóxico de Galicia e a súa axilización por parte da Administración autonómica"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Xestur está promovendo a actuación de ampliación de solo empresarial en San Cibrao das Viñas nos terreos da antiga ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia. Está actuación está incluída no PXOM de San Cibrao das Viñas.

Con data 30/04/2024 foi aprobada definitivamente a modificación do plan parcial co obxectivo da adaptación ao plan sectorial da rede viaria de Ourense, así como a reordenación do ámbito.

O proxecto de urbanización estase tramitando no concello de San Cibrao das Viñas. Así, o proxecto de urbanización e documento ambiental do proxecto finalizáronse con data 28/06/2024 e foron presentados, para a súa tramitación, con data 02/07/2024 no dito concello."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:39:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:39:28
Nº Rexistro: 10522
Data envío: 05/09/2024 09:39:28.275

CSV: B6P5TRB9q6K7E0K4M72
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5821**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da mellora da conectividade viaria do polígono industrial das Gándaras, en Lugo, cara a futuras ampliacións"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O parque empresarial das Gándaras atópase contiguo ao parque empresarial do Ceao, un parque empresarial antigo que non foi promovido pola Xunta de Galicia. Nos anos 90 Xestur realizou unha ampliación do Ceao, vendida totalmente.

O parque empresarial das Gándaras está incluído no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia como actuación a promover por Xestur.

O Proxecto Sectorial foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta en febreiro de 2007. Foi obxecto de tres modificacións (aprobadas en Consello da Xunta o 20/10/2011; o 22/09/2016 e o 18/03/2021) coa finalidade principal de adaptar o tamaño das parcelas e a distribución de usos ás necesidades das empresas segundo as demandas detectadas.

A delimitación de Fases aprobouse o 05/07/2021. Foi obxecto dunha modificación aprobada o 08/09/2022 coa finalidade de dividir a fase VII nas fases VIIa e VIIb para facilitar o desenvolvemento do parque.

A súa execución comprende nove fases de urbanización cun ámbito bruto total de 2.135.512 m² dos que 1.090.635 m² son de parcelas lucrativas. Os terreos de todo o ámbito están xa adquiridos nos anos 2007 e 2009 por importe de 28,5M€.

Desenvólvese por fases para ir cubrindo as necesidades reais de implantación. As fases 1, 2 e 3 están rematadas cun investimento de 53M€. Está o solo totalmente vendido.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705


Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A primeira fase do parque empresarial finalizouse no ano 2010. Esta actuación que supuxo o 41% do parque foise vendendo entre os anos 2010 e 2023. Marcado inicialmente pola crise económica, con posterioridade ao ano 2015 coas bonificacións do 50% supuxo o seu despegue. O éxito das fases II e III, vendidas na súa totalidade, supón a posta en funcionamento do parque nun 48% e motivou a programación das fases IV, V e VIIa, que suporán no ano 2025 a posta en funcionamento do 58% do parque empresarial.



Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





SITUACIÓN ACTUAL.

Actualmente están en execución as fases IV-V e VIIa, a través dun contrato cun importe de adxudicación de 7,5M€, asinado contrato de obras o 27/05/2024.

Proxecto de urbanización aprobado definitivamente

No referente ás conexións o tecido empresarial reclama o desdoblamento da ronda norte desde a N-640 ata o acceso ao parque. É de titularidade do Estado polo que corresponde ao mesmo o seu desdoblamento, de feito, sempre se apoiou a petición de desdoblamento da Ronda Norte.

Ademais, dende a autovía A6, Xestur desenvolveu o Proxecto Sectorial aprobado conectando co polígono do Ceao a través do paso elevado sobre a liña do ferrocarril e con dúas rotondas na Ronda Norte. No PXOM non se contempla ningunha solución para o devandito acceso, sendo competencia do Estado o estudo da solución, en caso de ser posible. Polo tanto, no caso de que o Concello ou o Estado propuxesen solucións a esta cuestión, poderíase estudar a adaptación do Proxecto Sectorial a estas propostas. ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:39:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:39:06
Nº Rexistro: 10519
Data envío: 05/09/2024 09:39:06.228

CSV: B6P5TRB3M061QF84t2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6247**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"o conflito laboral suscitado entre o grupo Inditex e as dependentas das tendas da provincia da Coruña e a posibilidade da súa resolución no marco do Consello Galego de Relacións Laborais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi respostada o día 5 de xullo de 2024, na **Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos**, a través da proposición non de lei N°6238 do Bloque Nacionalista Galego.

Adxuntamos enlace á Comisión:

[Mediateca do Parlamento de Galicia | Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, 5 de Xullo de 2024."](#)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2024 10:49:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 10:49:17
Nº Rexistro: 10205
Data envío: 02/09/2024 10:49:17.375

CSV: B6P5T8DGA8E8KqKwR-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 765**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey , e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación en que se atopa a comarca de Pontevedra no que atinxe ás súas necesidades empresariais "**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** , que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, cun especial foco naquelas zonas nas que existe demanda de solo empresarial, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector industrial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da comarca de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, ten unha especial importancia o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAG), que é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto analizar, diagnosticar, planificar e ordenar a implantación territorial das áreas empresariais de interese autonómico na Comunidade Autónoma de Galicia. A versión vixente do PSOAG diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Os obxectivos desta lei son, entre outros, evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial. De acordo coa normativa vixente, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, dende o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a 8 anos sen interese os 4 primeiros. Ademais, dende o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Finalmente, tamén é posible a adxudicación de solo en alugueiro nalgúns parques empresariais.

Xa neste mesmo ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais en Galicia, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de máis de medio millón de metros cadrados a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur.

Ademais destas actuacións de desenvolvemento de solo empresarial a través da planificación do PSOAEG e dos procedementos previstos na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, prevé a posibilidade de desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Adicionalmente, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Na área de Pontevedra, Xestur promoveu o parque empresarial de A Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible (concretamente 9 parcelas que suman 83.893,85 m²).

Pola súa parte, a central de Transportes de Ponte Caldelas, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), está urbanizada, prevéndose a execución de obras de reurbanización para adaptar a ordenación á modificación puntual do proxecto sectorial aprobado con data 3/3/2022.

Ademais, o IGVS promoveu o Parque Empresarial de O Campiño, fases I e II. A ampliación de O Campiño é unha actuación incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, e conta cunha superficie bruta de 342.215 m². Neste sentido, Xestur xa licitou o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 219.912€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 177.000€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, con data 26/06/2012 aprobouse un Plan Parcial no ámbito de Fragamoreira. No Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia inclúese o Parque Empresarial de Fragamoreira en Poio, que conta cunha superficie bruta de 386.513 m². Xestur iniciou tamén os trámites para o desenvolvemento do parque empresarial de Fragamoreira en Poio, téndose xa licitado o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 200.044€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 158.235,56€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B8P8J8R833M058G442
Verificación: CVE-PREPAR: d9a0a016-8e04-9e77-80c1-7c9ad80441e3
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 13:57:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 13:57:47
Nº Rexistro: 10580
Data envío: 05/09/2024 13:57:47,717

CSV: B6P5TRB233075t6Gm42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1070**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está dando conta periodicamente da execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e así o pasado 22 de xullo o conselleiro de Facenda e Administración Pública presentou no Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR de finais do segundo trimestre de 2024.

Estes informes poden consultarse na páxina web: <https://www.nextgenerationgalicia.gal>

Nesta data o importe adxudicado dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia pola Xunta de Galicia acada os 1.027 millóns de euros, case o 90% do importe publicado en convocatorias e licitacións.

A boa execución en Galicia tamén a confirma os datos do Ministerio de Economía, onde Galicia ten a taxa de resolución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) máis alta do Estado, un 78,7% (22,2 puntos máis que a media das CC.AA. e 20,2 puntos máis que a AXE).

Segundo o informe analizado na reunión do Consello, a suma dos recursos do MRR asignados polo Goberno central á Administración galega ascenden a 1.545 M€, o 5,8% do distribuído entre as comunidades autónomas, o que supón menos recursos dos que corresponderían á Comunidade por PIB per cápita. Desacantidade, a Xunta ten ingresados 1.453M€.

Hai que lembrar que estes fondos se poden executar ata o ano 2026.

Ademais, unhas 45.000 persoas físicas, 8.000 autónomos e máis de 5.000 entidades e sociedades beneficiáronse dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia executados polo Goberno galego ata finais do segundo trimestre de 2024.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





As actuacións concéntranse nas compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia relacionadas coa mobilidade sostible, as enerxías renovables, as políticas públicas para o mercado de traballo, a renovación e ampliación do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, a dixitalización, a modernización do sistema educativo, a economía dos coidados e a inclusión social.

Pola súa banda, a dotación dos PERTES, cos que se financian os proxectos transformadores público-privados, dos máis de 41.000M€ anunciados e de xestión exclusiva do Goberno central, tan só se publicaron 20.593M€, é dicir, o 50%. A contía das resolucións ascende a 12.136 M€, o 59% do publicado, destinándose tan só un 5,5% a proxectos en Galicia (675 M€)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:42:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:42:17
Nº Rexistro: 10547
Data envío: 05/09/2024 09:42:17.538

CSV: B6P5T8B3P1J0I8K66it-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1222**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o investimento que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia durante os anos 2024 e 2025 para a dotación de solo empresarial na área de Pontevedra"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, cun especial foco naquelas zonas nas que existe demanda de solo empresarial, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector industrial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da comarca de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, ten unha especial importancia o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAG), que é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto analizar, diagnosticar, planificar e ordenar a implantación territorial das áreas empresariais de interese autonómico na Comunidade Autónoma de Galicia. A versión vixente do PSOAG diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Os obxectivos desta lei son, entre outros, evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial.

De acordo coa normativa vixente, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, dende o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a 8 anos sen interese os 4 primeiros. Ademais, dende o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Finalmente, tamén é posible a adxudicación de solo en alugueiro nalgúns parques empresariais.

Xa neste mesmo ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais en Galicia, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de máis de medio millón de metros cadrados a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur.

Ademais destas actuacións de desenvolvemento de solo empresarial a través da planificación do PSOAEG e dos procedementos previstos na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, prevé a posibilidade de desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Adicionalmente, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da

Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Na área de Pontevedra, Xestur promoveu o parque empresarial de A Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible (concretamente 9 parcelas que suman 83.893,85 m²).

Pola súa parte, a central de Transportes de Ponte Caldelas, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), está urbanizada, prevéndose a execución de obras de reurbanización para adaptar a ordenación á modificación puntual do proxecto sectorial aprobado con data 3/3/2022.

Ademais, o IGVS promoveu o Parque Empresarial de O Campiño, fases I e II. A ampliación de O Campiño é unha actuación incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, e conta cunha superficie bruta de 342.215 m². Neste sentido, Xestur xa licitou o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 219.912€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 177.000€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, con data 26/06/2012 aprobouse un Plan Parcial no ámbito de Fragamoreira. No Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia inclúese o Parque Empresarial de Fragamoreira en Poio, que conta cunha superficie bruta de 386.513 m². Xestur iniciou tamén os trámites para o desenvolvemento do parque empresarial de Fragamoreira en Poio, téndose xa licitado o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 200.044€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 158.235,56€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0R5J8BQ3WQ2R1F1042
Verificación: CVE-PPREPAR: 3b95aca9-d368-efb1-de59-7ee818524e10
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 13:57:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 13:57:30
Nº Rexistro: 10578
Data envío: 05/09/2024 13:57:30.811

CSV: B6P5T8D3WQ2R1F1042
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1752**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a axilidade da Administración de xustiza en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O sistema actual de garda (garda semanal con 2 xulgados) está a funcionar de xeito correcto, sen atrancos na organización de permisos, licenzas, vacacións, etc.

Con todo, a política levada a cabo polo Goberno galego prioriza a creación de novos xulgados de primeira instancia, que actualmente son os que están a soportar unha maior carga de traballo, nos partidos xudiciais que superan o módulo de entrada de asuntos fixado polo Consello Xeral do Poder Xudicial."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 14:01:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10586
Data envío: 05/09/2024 14:01:54.042

CSV: B6PISIBD3WMOFVQFR0K22
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1873**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que prevé impulsar a Xunta de Galicia para reducir a débeda pública galega"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

"A estratexia do goberno galego de endebedamento responsable, fai que Galicia sexa a comunidade que menos aumentou a súa débeda desde 2009, e que a posición sexa moito mellor que hai 15 anos, cando a nosa CCAA. estaba entre as autonomías máis endebedadas.

Co último dato coñecido do Banco de España, correspondente ao primeiro trimestre deste ano Galicia ten hoxe seis puntos menos en ratio débeda/PIB (Galicia 16,2%, Total CC.AA. 22,2%) e debe hoxe 2.209 euros menos per cápita que a media (Galicia 4.582 euros, Media CC.AA. 6.790 euros).

Este endebedamento responsable permite que Galicia estea en niveis de endebedamento de hai máis dunha década, pese a que foi necesario aumentalo na pasada lexislatura por mor da pandemia.

Ademais, o Banco de España ratifica que Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, exercicio no que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, incluídas as comunidades autónomas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:38
Nº Rexistro: 10541
Data envío: 05/09/2024 09:41:38,992

CSV: B6P5U8B932M66RDX4H92
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1879**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a calidade dos servizos que se prestan no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol "** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"O pasado día 6 de maio, o Consello da Xunta autorizou un novo concerto social no ámbito da discapacidade para consolidar 150 prazas públicas de atención residencial e diúrna no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) Souto de Leixa de Ferrol. O orzamento desta convocatoria ascendeu a 12,7 millóns de euros cunha vixencia inicial de catro anos prorrogables ata un máximo de dez.

Co paso á modalidade de concerto social, o servizo de atención diúrna e residencial é prestado por unha entidade social, do terceiro sector, con ampla experiencia no ámbito da discapacidade.

A través desta figura, o Goberno galego incrementa de media un 30% o investimento no financiamento destas prazas en relación aos contratos que viña mantendo coas entidades. Ademais de garantir a continuidade do servizo, favorece unha atención de calidade aos usuarios e ás súas familias.

Ademais, no centro estase realizando obras de mellora nas instalacións: a Consellería de Política Social e Igualdade está executando unha obra de reforma integral para a mellora do inmovible e as súas instalacións por un importe de 1,1 M€ que estará rematada no próximo mes.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais este mesmo ano, a Consellería levou a cabo actuacións de renovación das portas de emerxencia e instalación dun sistema de control de acceso automático ao centro.

O centro recibe inspeccións periódicas, a última realizada no mes de marzo deste ano no que non se observaron irregularidades no seu funcionamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B8P8J8B93M6B00GNH2
Verificación: CVE-PPREPAR: 53c5dc41-2a76-5032-1c94-32389bc7c1c5
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:25
Nº Rexistro: 10539
Data envío: 05/09/2024 09:41:25.336

CSV: B6P5TRB3M6B000CNt2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 1968**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a creación, segundo as recomendacións do Consello de Contas en política de transparencia e bo goberno, da Comisión Centralizada de Integridade Institucional "**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión, prevista no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión da Xunta de Galicia, creouse mediante o Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro, e porase en funcionamento no segundo semestre de 2024.

A revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de maio de 2023 supón, unha auténtica actualización das previsións do Código ético institucional, especialmente na perspectiva da integridade institucional como principio ou política inspiradora de toda a actuación da Xunta de Galicia, así como de xeito mais particular en relación coas situacións de posibles conflitos de intereses, tanto de persoal empregado público como de altos cargos.

Este Plan xeral afecta a todos os fondos, non so aos fondos Next Generation EU.

Polo que respecta á formación específica en materia de integridade institucional e conflitos de intereses xa se inclúe nos plans de formación continua da Escola Galega de Administración Pública da ética pública e da integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público, así como a inclusión dunha formación específica dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En relación á aprobación ou modificación da normativa autonómica en aspectos relacionados coa integridade, debe destacarse xa se produciu unha modificación fundamental na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En canto á regulación dos grupos de interese xa foi prevista no Programa marco de integridade institucional aprobado en maio de 2021, porén, na actualidade estase á espera da aprobación da norma que se está tramitando a nivel estatal nesta materia, na medida en que pode afectar á Comunidade Autónoma.

En relación co anonimato na presentación das denuncias a actualización e revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia incorpora as previsións da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, nesta materia ao recoller a posibilidade de presentación anónima, tanto na canle interna de denuncias da Xunta de Galicia, como nas entidades instrumentais que crearon canles internas propias e independentes daquela. Ademais, habilitouse un buzón de integridade, no que o persoal empregado público pode de xeito preventivo, consultar interpretacións e concrecións sobre o sistema de integridade institucional.

Finalmente, polo que respecta aos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude das distintas Consellerías, no ano 2023 a realizouse por parte da Xunta de Galicia un impulso importante, polo que hoxe en día, un total de 92 centros directivos contan con plans de prevención de riscos aprobados.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, creou a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, adscrita á institución do Valedor do Pobo, como institución autonómica análoga á autoridade independente prevista na Lei 2/2023, do 20 de febreiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:18
Nº Rexistro: 10538
Data envío: 05/09/2024 09:41:18.711

CSV: BGRISIRBQZ6RTFRFWt-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2036**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres , e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a relación de altos cargos da Xunta de Galicia coas principais empresas forestais pasteiras"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"As Administracións Públicas deben respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de obxectividade e transparencia da actuación administrativa, garantindo os mesmos dereitos e obrigas para toda a cidadanía. E, neste sentido, a Xunta de Galicia respecta e promove o cumprimento da normativa vixente nos diferentes ámbitos, incluído o relativo ao réxime de transparencia e bo goberno, sen entrar en argumentacións retorcidas e enganosas que carecen de fundamento.

Por outra parte, na pregunta formulada faise referencia a unha suposta posición de dominio de grupos pasteiros que condicionarían a política ambiental e forestal. En primeiro lugar, cómpre rexeitar o dito argumento, xa que esta non está condicionada polos grupos empresariais senón polas políticas emanadas no marco e axenda europea e nas políticas do Goberno galego nos distintos ámbitos sectoriais ambiental e forestal. Así, en materia de industria forestal, este Goberno convocou un paquete de axudas destinado ás pemes galegas asociadas á cadea monte industria, onde, só nos tres últimos anos, supuxeron máis de 40 millóns de euros. Os datos desagregados foron os seguintes:

- Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais con preto de 20 millóns de euros. Onde liñas en materia de xestión forestal sustentable, da industria da castaña ou da resina ou liñas específicas para a obtención de produtos de alto valor engadido supoñen as accións estrela deste tipo de axudas públicas.
- Axudas á valorización e á segunda transformación das pequenas e medianas empresas da industria forestal galega e do contract por máis de 8 millóns de euros.
- Axudas para investimentos en ecoinnovación e dixitalización da industria forestal-madeira e outras industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas na madeira, dotadas cun investimento de preto de 3 millóns de euros.
- Axudas para a organización de actividades formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia dotadas dun total de 1,8 millóns de euros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





- Axudas para a descarbonización mediante a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais dotadas con máis de 7,5 millóns de euros.

En resumo, a Xunta de Galicia aposta decididamente por crear un tecido industrial amplo e sinérxico que consiga acadar os obxectivos establecidos na revisión do Plan Forestal de Galicia e na Axenda de Impulso da Industria Forestal, a través dunha serie de medidas que xa se están a desenvolver, e que nos vindeiros anos continuarán dando resultados, como xa o veñen facendo actualmente.

As principais medidas que a Xunta de Galicia está a promover son as seguintes:

1. Mellora da información sobre o estado dos bosques galegos para poder tomar medidas de política pública acertadas. O Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) naceu como unha ferramenta fundamental de control e planificación. As metodoloxías aplicadas permiten visibilizar un mapa forestal adaptado á realidade dos nosos bosques. Tal e como recolle o IFCG, Galicia conta cunha superficie de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas, das cales o 42,5% da superficie correspóndese con frondosas maioritariamente caducifolias (case 620.000 ha), seguidas por plantacións de coníferas (422.000 ha) e de eucalipto (409.000 ha).

Xa se dispón dunha primeira radiografía realizada polas Escolas forestais do sistema universitario galego sobre a superficie de ocupación dos nosos bosques a unha escala de alta e media resolución que, por primeira vez, exacta e detallada, case a nivel de árbore, as masas forestais de Galicia. En paralelo, o número de parcelas a inventariar capturado pola sociedade mercantil pública autonómica Seaga comeza a ser moi elevado, contándose por miles, o que facilitará non só coñecer a superficie das formacións específicas, senón a súa densidade, volume de madeira e biomasa e, por inferencia, terase por fin un dato certo do carbono absorbido polos bosques de Galicia, o que permitirá, entre outros fitos, crear un sistema galego de créditos de carbono voluntario con todas as garantías.

Ademais, á vista desta información, a Xunta de Galicia puxo en marcha o proxecto técnico para buscar alternativas industriais aos recursos provenientes das masas de frondosas caducifolias, tentando obter o maior valor engadido posible e sempre baixo criterios de xestión forestal sostible. Este proxecto, liderado polo CIS-Madeira, está a facer intervencións de desbastes e rareos en masas de carballo, bidueiro, castiñeiro e cerquiño, sempre mediante modelos silvícolas propostos polo departamento de silvicultura da USC, de novo, nunha alianza da Xunta de Galicia coas Escolas universitarias forestais de Galicia e coa axuda dos serradoiros galegos de frondosas.

Esta liña de innovación e investigación non é allea no resto de Europa, vimos de abrir canles de comunicación para traballar en conxunto con Alemaña. Grazas aos datos do IFCG somos quen de entender que estamos baixo as mesmas dinámicas que outros países, e a partires de aí, colaborar con outros centros de innovación e excelencia para poder aproveitar de forma sustentable as masas frondosas de Galicia, e deste xeito seguir a loitar contra o abandono e os incendios forestais. E isto é así, porque o cambio climático está a impactar na transición ecolóxica das especies, de feito nos bosques de Alemaña cabe esperar que nas próximas décadas exista unha proporción de frondosas caducifolias do 75%. E aínda que xa existen

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





enfoques prometedores para o uso de especies como (bidueiro, faia), a industria da madeira europea, e por tanto galega, aínda non está preparada para o uso de frondosas en sectores cun alto valor engadido.

2. Axuda ao tecido asociado á cadea monte-industria, especialmente pemes, a ser máis competitivo, máis innovador e a percorrer a necesaria transición dixital. Tal como xa se sinalou o paquete de axudas en materia de formación (non regrada), ecoinnovación, dixitalización, descarbonización e industrialización superou os 40 millóns de euros nos últimos tres anos.
3. Loita contra o cambio climático mediante políticas concretas de descarbonización. Descarbonizar os edificios e construcións mediante a incorporación de madeira galega é outro dos eixos principais deste Goberno. A incorporación da madeira nas edificacións públicas (centros de saúde, bases de unidades operativas contra incendios forestais, institutos de estudos secundarios) amosan o compromiso en primeira persoa deste Goberno para o uso deste material en estruturas. Asemade, esta acción, complementábase con axudas públicas destinadas á promoción privada con este mesmo fin e que totalizan, como xa se indicou, máis 7,5 millóns de euros nos últimos tres anos. E onde a rastrexabilidade e o fomento do recurso endógeno son compoñentes nucleares no desenvolvemento destas liñas de acción.

Por tanto, a Xunta de Galicia traballa para promover a demanda de madeira como produto ecosustitutivo fronte a outros de maior pegada de carbono, mentres reforza os labores de asesoramento e promoción da madeira que se ofrecen desde o CIS-Madeira a centros directivos da Xunta e a entidades e organizacións de carácter público ou privado.

Creación dun ecosistema robusto de innovación, investigación e coñecemento ligado ao sector forestal de Galicia. No 2024 estase a abordar o proceso de restauración da finca de Lourizán, para a que se elaborará un proxecto construtivo e de execución. Ademais, está en marcha o traspaso do CIF Lourizán á Axencia Galega da Industria Forestal, co fin de crear un polo de innovación e investigación onde o CIF conxuntamente co CIS-Madeira compoñan un gran centro de bioeconomía ligado á cadea monte-industria que dea satisfacción aos novos retos e demandas que están a xurdir en materia forestal."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:33:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10131
Data envío: 29/08/2024 22:33:14.433

CSV: B6P5TRBQ3w@f52Fdt92
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2413**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego en relación coa execución da terceira fase do polígono industrial de Ribadavia"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O parque empresarial de Ribadavia é unha promoción do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS). Esta actuación está incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (en diante, PSOAEG). Os trámites iniciáronse o 5 de febreiro de 1992 coa sinatura do correspondente convenio entre o Concello de Ribadavia e o IGVS. O plan parcial que desenvolvía o ámbito foi aprobado o 14 de setembro de 1998 e contemplaba a execución da urbanización en tres fases. A normativa do plan parcial foi modificada en 2004 e 2007.

A fase I fase II do parque empresarial están executadas e en funcionamento (en ambos casos, actualmente hai algunha parcela dispoñible).

A fase III non está totalmente desenvolvida. De acordo co protocolo asinado entre o IGVS e o Concello de Ribadavia cuxo obxecto é o desenvolvemento urbanístico que permita executar a ampliación do parque empresarial de Ribadavia, ámbalas dúas partes manifestan a conformidade de que sexa o Concello de Ribadavia quen impulse, redacte e aprobe a modificación do plan parcial que estableza a ordenación detallada dos terreos correspondentes á fase III.

Porén, cómpre salientar que existe unha afección que condiciona o seu desenvolvemento, xa que a meirande parte do ámbito está dentro da zona de fluxo preferente do río Avia, polo que o seu desenvolvemento está condicionado polo establecido no Plan Hidrolóxico da cunca hidrolóxica Miño-Sil (PHMS) e o Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), cuxo artigo 9 bis establece unha serie de limitacións aos usos na zona de fluxo preferente en solos de situación básica de rural.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cómpre lembrar que o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio requiren a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto ou mesmo limitar a súa viabilidade.

De acordo coa información dispoñible, o Concello encargou en 2024 un estudo de inundabilidade, no marco da tramitación da modificación do plan parcial.

Por outra parte, o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ribadavia, aprobado definitivamente con data 29/11/2019, conta con distintos ámbitos clasificados como solo urbanizable industrial. Concretamente as Áreas UNDI-2 e UND-4 que delimitan unha superficie total de solo urbanizable non delimitado industrial de 25.465 m² e 41.364 m² respectivamente, encóntranse nas inmediacións do parque empresarial de Ribadavia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:40:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:40:50
Nº Rexistro: 10534
Data envío: 05/09/2024 09:40:50,258

CSV: B6P5TRB9CjA0IBQ6m482
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2450**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas para frear a deslocalización industrial no sector da automoción na área de Vigo"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa. Esta cadea de valor, aglutinada na Agrupación industrial de Automoción e Mobilidade de Galicia (CEAGA), conforma un completo ecosistema colaborativo de innovación con máis de 200 compañías, ás que se suman as máis de 80 startups creadas no seo da aceleradora Business Factory Auto & Mobility. Trátase dunha cadea moi completa, xa que a automoción é unha industria de síntese que integra a diferentes sectores como o da electrónica/Tics, bens de equipo, metal, químico, téxtil, transporte, madeira, etc., pero tamén ao sector servizos, como I+D+i, medio ambiente, loxística, entre outros.

Dentro da cadea de valor, intégrase o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), creado en 2002 por iniciativa do Goberno galego e de CEAGA.

O CTAG ten como principal misión a de contribuír á mellora da competitividade das empresas de automoción, incorporando novas tecnoloxías e impulsando o desenvolvemento, a investigación e a innovación tecnolóxica. Conta actualmente cun equipo de máis de 1.200 persoas, incluíndo unha maioría de persoas técnicas e enxeñeiras.

Como é sabido, o sector da automoción é un sector totalmente globalizado e internacionalizado, cun importante factor de crecemento baseado no I+D+i.

Un dos obxectivos de CTAG para manterse á vangarda da innovación no sector é a mellora permanente dos resultados da súa actividade de I+D+i, adquirindo novos coñecementos tecnolóxicos para ofrecer un servizo máis eficaz ás empresas do sector de automoción, incorporando un maior valor engadido e atraendo novos proxectos, optimizando a súa competitividade, o que lles permite ter investimentos en tecnoloxías de vangarda e de formar e incorporar recursos humanos altamente cualificados.

Outra panca de crecemento do CTAG é a internacionalización, ofrecendo servizos a todos os actores globais, para que se poidan realizar desde Galicia, transformándose nun polo de atracción de investimentos, participando nos proxectos que se desenvolven e fabrican na nosa Comunidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Aínda que a visión de CTAG sexa seguir investindo en Galicia, ofrecendo servizos, produtos e procesos que arraiguen ao sector nesta Comunidade Autónoma, debe responder a unha forte competencia internacional na innovación, o que aconsella, nalgúns casos, manter alianzas estratéxicas con centros tecnolóxicos doutros países comunitarios. Isto levou ao CTAG a crear, cun centro tecnolóxico homólogo e complementario, ISQ, unha join-venture, en base á que se producirán investimentos que para o CTAG serán, en todo caso, minoritarios con respecto aos executados en Galicia. Este tipo de alianzas entre centros tecnolóxicos de distintos países son habituais neste tipo de entidades, sendo enriquecedoras ao permitir a xeración de sinerxías entre os esforzos técnicos e económicos de ambas entidades.

En relación ao apoio da Xunta de Galicia ao sector da automoción, cómpre sinalar que, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector da automoción, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, o pasado mes de xullo tense presentado xa o anteproxecto do seu plan director ao sector, co fin de que as distintas entidades poidan remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao mesmo, previamente á petición do informe Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial e, posteriormente, á aprobación do Plan Director por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Ademais, tendo en conta a celeridade coa que se debe producir o proceso de transición, a Xunta de Galicia publicou a principios de xullo 2024 unha convocatoria dotada con 18 millóns de euros, como primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade.





Por outra parte, co fin de promover a mellora tecnolóxica da automoción galega en toda a cadea de valor, a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio para destinar 4 millóns de euros ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) para a creación de dous laboratorios: o primeiro de compoñentes para vehículos eléctricos e procesos de fabricación, así como un segundo para cuestións como iluminación.

Estas medidas, unidas as distintas figuras de axilización administrativa para a implantación de proxectos industriais, son algunhas das actuacións emprendidas pola Xunta de Galicia para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil, e que permiten paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais, que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA
Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5T8D9LMBR0RYM0-2
Verificación: CVE-PRÉPAR: e7c88af2-1190-bc26-9b38-a28615c4fca7
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:32:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10128
Data envío: 29/08/2024 22:32:53,746

CSV: B6P5T8D9JLMBRQRYH0-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 2559**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boa, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o eventual desenvolvemento dun plan para a reactivación industrial e produtiva da comarca de Vigo"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"A industria galega evolucionou positivamente no ano 2023 a pesar do contexto socioeconómico cambiante dos últimos anos: inestabilidade económica global marcada polos conflitos xeopolíticos, que tiveron un efecto importante nas cadeas de subministración combinada coa crise enerxética que afectou negativamente á produción e á exportación. Asemade, os esforzos en sustentabilidade e a adaptación ás normativas medioambientais esixiron de investimentos significativos que, aínda que necesarios a longo prazo, supuxeron un verdadeiro reto inmediato.

En conxunto, a industria galega demostrou unha sobresaínte capacidade de resiliencia e adaptación, sentando as bases para un futuro prometedor, aínda que con importantes desafíos por superar.

Boa mostra é, que a pesar deste contexto global, a industria galega evolucionou positivamente en cifras de VEB industrial, emprego e está conseguindo cifras récord en exportacións.

Estes datos positivos resultan esperanzadores pero, no actual contexto de transición dixital e verde, a industria debe adaptarse e posicionarse para mellorar a súa competitividade e para converter Galicia nun polo de atracción de novos investimentos e proxectos industriais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705


Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Neste sentido, debe tratarse de que o valor engadido bruto industrial aumente o seu peso estrutural e continuar coa senda de evolución positiva dos últimos anos:

Gráfica. Evolución VEB Industrial. Serie 2009-2023



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. *(Datos en miles de euros. Nota: os datos anuais de 2021 son provisionais e os referidos a 2022 e 2023 avances).*

Como dato de referencia, citar que, anteriormente á covid-19, o ano 2018 é o que marca o mellor rexistro en termos de VEB industrial, acadando o nivel máis alto desde 2009.

No período post-pandemia, 2021 marca o inicio da recuperación, acadando un nivel de VEB próximo aos mellores resultados dos anos precedentes. Sen embargo, é nos anos 2022 e 2023 cando se consolida esta tendencia alcista acadando rexistros récord e marcando os mellores resultados de toda a serie histórica. Cómpre salientar que 2023 segue a mellorar o nivel de VEB industrial, ao rexistrar un incremento interanual do 3,9% sobre o ano precedente.

En canto ao emprego industrial, partindo dos datos anuais da EPA para o ano 2023, a industria galega representa un 14,9% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera a media estatal, que acada un 13,3%. En base a estes datos, pódese afirmar que, estruturalmente, o emprego industrial galego ten un peso superior ao de España. No ano 2023, Galicia rexistrou unha media de 168.200 persoas ocupadas na industria, incrementando a cifra nun 1,45% respecto a 2022.

Co fin de continuar avanzando no impulso da actividade industrial e, polo tanto, na creación de emprego neste sector, a Xunta de Galicia está a desenvolver distintos instrumentos previstos na normativa vixente.

De acordo co artigo 60 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, a planificación da política industrial galega plasmarase nunha estratexia de política industrial que se baseará nos seguintes instrumentos:

- Os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia, que son instrumentos de carácter estratéxico que teñen como finalidade promover o desenvolvemento da actividade industrial no sector específico que corresponda, mediante a definición das medidas necesarias para o seu impulso.
- O Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En relación ao impulso dos sectores naval e da automoción, de gran importancia na cidade de Vigo e na súa área, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector industrial da automoción e o da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción e da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas dos respectivos sectores, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, o pasado mes de xullo téñense presentado xa os anteproxectos dos plans directores dos sectores da automoción e da construción naval co fin de que as distintas entidades poidan remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao anteproxecto, previamente á petición do informe Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial e, posteriormente, á aprobación dos respectivos plans directores por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Os resultados das medidas destes plans directores terán beneficios positivos tanto na cidade de Vigo, como na súa área, e en toda Galicia.

En canto ao acceso aos fondos comunitarios e estatais, desde a Xunta de Galicia, a través da Oficina Económica de Galicia (Igape) dáse apoio e asesoramento a todas as empresas da Comunidade Autónoma para a preparación dos seus proxectos e presentación ante as diferentes convocatorias de axudas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En calquera caso, cómpre lembrar que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar os fondos previstos para os PERTE sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas, o que está a repercutir na lentitude e baixa execución, a falta de menos de dous anos para a finalización do prazo de xustificación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:32:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10125
Neste sentido, indícase a necesidade de "adoptar un criterio baseado nos dereitos do neno a hora de elaborar os orzamentos públicos nos que se especifiquen claramente as asignacións para os nenos e nenas, con inclusión de indicadores específicos e dun sistema de seguimento que permita supervisar e avaliar a adecuación, eficiencia e equidade da distribución de recursos asignados para a aplicación da Convención".

Atendendo a esta indicación, a Xunta de Galicia foi pioneira en España en desenvolver un traballo de cuantificación e análise dos recursos dirixidos á infancia e á adolescencia a través dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, traballo que se vén realizando desde 2019, o que permite a análise do noso orzamento como unha ferramenta para a protección, incremento e mellora da eficacia e eficiencia dos recursos destinados aos nenos e nenas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



39387

CSV: [REGISTRO DE MODIFICACIONES](#)
Verificación: [CVE-PREPAR: cf44fb90-b221-b4b4-4bd2-4728c3174710](#)
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 12:11:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 12:11:33
Nº Rexistro: 10161
Data envío: 30/08/2024 12:11:33,517

CSV: B6P5T8DGP20W1K0K1K-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6377**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a posibilidade de que a Xunta de Galicia revogue a axuda concedida á escola infantil Xirandola, localizada na cidade de Santiago de Compostela"** convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"O programa de gratuidade no primeiro ciclo de Educación Infantil (etapa 0-3) é impulsado pola Xunta de Galicia a través de diferentes ordes de subvención, co obxectivo de que todas as familias usuarias de escolas infantís en Galicia poidan acceder a este beneficio. Cómpre lembrar que este programa é financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, nun importe que rolda os 60 millóns de euros por curso, dado que o financiamento do Goberno central é inexistente.

No caso concreto das escolas infantís de iniciativa social e de titulariedade privada, a programa desenvólvese a través de ordes de subvencións ás cales se acollen as escolas infantís, o que facilita a xestión deste programa e evita trámites e papeleos aos milleiros de familias usuarias das escolas infantís. A estas familias xa se lles aplica directamente a gratuidade na matrícula e na atención educativa sen que teñan que dirixirse á Xunta de Galicia.

Desde o inicio do programa, estas ordes de subvención contan cos correspondentes informes técnicos favorables da Consellería de Facenda, competente no control e fiscalización de todas as subvencións na Comunidade Autónoma, e son aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia antes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Posteriormente, os distintos pagamentos ás entidades que se realizan ao abeiro desta orde de subvencións son fiscalizados polo órgano administrativo correspondente. E para efectuar estes pagamentos é requisito de obrigado cumprimento que a entidade beneficiaria non teña débedas coa AEAT, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

Por último, cómpre lembrar que todas as escolas infantís de titularidade privada e de iniciativa social están sometidas ao cumprimento da normativa autonómica específica do primeiro ciclo de Educación Infantil, e son inspeccionadas de xeito periódico polo servizo de inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5T8B0330030T4402
Verificación: CVE-PPREPAR: 48ad2334-12b7-8705-ad53-108a511eccc9
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 12:11:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 12:11:12
Nº Rexistro: 10159
Data envío: 30/08/2024 12:11:12.752

CSV: B0P5TRB030R030Tm4t2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6488**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o eventual desenvolvemento por parte do Goberno galego de plans de información á poboación relativos ás prestacións sociais ás que ten dereito "**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** , que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa conxuntamente cos servizos sociais de base, tanto do Sistema Galego de Saúde, dos concellos, deputacións, áreas metropolitanas, as propias entidades de natureza social para informar a todas as persoas dos seus dereitos en xeral, pero en particular en materia de dependencia pola especial vulnerabilidade da poboación afectada.

Como mostra desta colaboración entre Administracións e sector social o volume de solicitudes en dependencia creceu dende o ano 2020 ata o 2023 (último exercicio cerrado) nun 61%, é dicir, a información chega a través non so da Xunta de Galicia senón tamén a través dos servizos sociais de base, que son os mais próximos á poboación o que lles permite identificar as necesidades da poboación que deben ser atendidas polo sistema de dependencia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:38:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:38:52
Nº Rexistro: 10517
Data envío: 05/09/2024 09:38:52.041

CSV: B6P5T8D3X6QjHD2XxH02
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 764**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey , e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as necesidades empresariais da comarca de Pontevedra, a ampliación de varios polígonos industriais da zona e a creación dun porto seco en Cerponzóns, Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, cun especial foco naquelas zonas nas que existe demanda de solo empresarial, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector industrial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da comarca de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, ten unha especial importancia o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE), que é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto analizar, diagnosticar, planificar e ordenar a implantación territorial das áreas empresariais de interese autonómico na Comunidade Autónoma de Galicia. A versión vixente do PSOAE diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Os obxectivos desta lei son, entre outros, evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





De acordo coa normativa vixente, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, dende o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a 8 anos sen interese os 4 primeiros. Ademais, dende o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Finalmente, tamén é posible a adxudicación de solo en alugueiro nalgúns parques empresariais.

Xa neste mesmo ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais en Galicia, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de máis de medio millón de metros cadrados a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur.

Ademais destas actuacións de desenvolvemento de solo empresarial a través da planificación do PSOAEG e dos procedementos previstos na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, prevé a posibilidade de desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.





Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Na área de Pontevedra, Xestur promoveu o parque empresarial de A Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible (concretamente 9 parcelas que suman 83.893,85 m²).

Pola súa parte, a central de Transportes de Ponte Caldelas, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), está urbanizada, prevéndose a execución de obras de reurbanización para adaptar a ordenación á modificación puntual do proxecto sectorial aprobado con data 3/3/2022.

Ademais, o IGVS promoveu o Parque Empresarial de O Campiño, fases I e II. A ampliación de O Campiño é unha actuación incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, e conta cunha superficie bruta de 342.215 m². Neste sentido, Xestur xa licitou o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 219.912€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 177.000€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, con data 26/06/2012 aprobouse un Plan Parcial no ámbito de Fragamoreira. No Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia inclúese o Parque Empresarial de Fragamoreira en Poio, que conta cunha superficie bruta de 386.513 m². Xestur iniciou tamén os trámites para o desenvolvemento do parque empresarial de Fragamoreira en Poio, téndose xa licitado o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 200.044€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 158.235,56€ +IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 13:57:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 13:57:54
Nº Rexistro: 10581
Data envío: 05/09/2024 13:57:54.280

CSV: B6P5TRB9GJW0RQ6B1U-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 1071**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, así como respecto do grao de execución actual e das contías comprometidas destes fondos e dos fondos React-EU"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está dando conta periodicamente da execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e así o pasado 22 de xullo o conselleiro de Facenda e Administración Pública presentou no Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR de finais do segundo trimestre de 2024.

Estes informes poden consultarse na páxina web: <https://www.nextgenerationgalicia.gal>

Nesta data o importe adxudicado dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia pola Xunta de Galicia acada os 1.027 millóns de euros, case o 90% do importe publicado en convocatorias e licitacións.

A boa execución en Galicia tamén a confirma os datos do Ministerio de Economía, onde Galicia ten a taxa de resolución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) máis alta do Estado, un 78,7% (22,2 puntos máis que a media das CC.AA. e 20,2 puntos máis que a AXE).

Segundo o informe analizado na reunión do Consello, a suma dos recursos do MRR asignados polo Goberno central á Administración galega ascenden a 1.545 M€, o 5,8% do distribuído entre as comunidades autónomas, o que supón menos recursos dos que corresponderían á Comunidade por PIB per cápita. Desá cantidade, a Xunta ten ingresados 1.453 M€.

Hai que lembrar que estes fondos se poden executar ata o ano 2026.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ademais, unhas 45.000 persoas físicas, 8.000 autónomos e máis de 5.000 entidades e sociedades beneficiáronse dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia executados polo Goberno galego ata finais do segundo trimestre de 2024.

As actuacións concéntranse nas compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia relacionadas coa mobilidade sostible, as enerxías renovables, as políticas públicas para o mercado de traballo, a renovación e ampliación do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, a dixitalización, a modernización do sistema educativo, a economía dos coidados e a inclusión social.

Pola súa banda, a dotación dos PERTES, cos que se financian os proxectos transformadores público-privados, dos máis de 41.000M€ anunciados e de xestión exclusiva do Goberno central, tan só se publicaron 20.593M€, é dicir, o 50%. A contía das resolucións ascende a 12.136 M€, o 59% do publicado, destinándose tan só un 5,5% a proxectos en Galicia (675 M€)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:42:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:42:11
Nº Rexistro: 10546
Data envío: 05/09/2024 09:42:11.929

CSV: B6P5T8D3nW6F1QKXh42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 1221**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre "**a situación da oferta de solo empresarial na área de Pontevedra durante os últimos anos, a repercusión que tivo na actividade económica e as previsións de investimento da Xunta de Galicia nos anos 2024 e 2025 para ampliar a dotación**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, cun especial foco naquelas zonas nas que existe demanda de solo empresarial, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector industrial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da comarca de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, ten unha especial importancia o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAG), que é o instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto analizar, diagnosticar, planificar e ordenar a implantación territorial das áreas empresariais de interese autonómico na Comunidade Autónoma de Galicia. A versión vixente do PSOAG diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Os obxectivos desta lei son, entre outros, evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial. De acordo coa normativa vixente, o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, dende o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a 8 anos sen interese os 4 primeiros. Ademais, dende o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Finalmente, tamén é posible a adxudicación de solo en aluqueiro nalgúns parques empresariais.

Xa neste mesmo ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais en Galicia, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de máis de medio millón de metros cadrados a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur.

Ademais destas actuacións de desenvolvemento de solo empresarial a través da planificación do PSOAEG e dos procedementos previstos na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, prevé a posibilidade de desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Adicionalmente, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Agora ben, o desenvolvemento de calquera dos instrumentos anteriores require a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto, ou mesmo limitar a súa viabilidade.

Na área de Pontevedra, Xestur promoveu o parque empresarial de A Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible (concretamente 9 parcelas que suman 83.893,85 m²).

Pola súa parte, a central de Transportes de Ponte Caldelas, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), está urbanizada, prevéndose a execución de obras de reurbanización para adaptar a ordenación á modificación puntual do proxecto sectorial aprobado con data 3/3/2022.

Ademais, o IGVS promoveu o Parque Empresarial de O Campiño, fases I e II. A ampliación de O Campiño é unha actuación incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, e conta cunha superficie bruta de 342.215 m². Neste sentido, Xestur xa licitou o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 219.912€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 177.000€+IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, con data 26/06/2012 aprobouse un Plan Parcial no ámbito de Fragamoreira. No Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia inclúese o Parque Empresarial de Fragamoreira en Poio, que conta cunha superficie bruta de 386.513 m². Xestur iniciou tamén os trámites para o desenvolvemento do parque empresarial de Fragamoreira en Poio, téndose xa licitado o contrato de redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización, por un importe 200.044€ + IVE, que foi adxudicado por un importe de 158.235,56€ +IVE. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5T8DQ-LR00WQF548-2
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CVE-PRÉPAR: e04a2f84-9648-0ef9-b8d3-c451d72e2b52



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:52
Nº Rexistro: 10543
Data envío: 05/09/2024 09:41:52.304

CSV: B6P5TRB9CLM0W1Q4F58-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 1751**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey , e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a implantación de servizos de 24 horas con rotación diaria na xurisdición penal dos partidos xudiciais da Coruña e de Vigo, así como sobre a achega económica por parte da Xunta de Galicia para poñelos en marcha"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** que ten o seguinte contido:

"O sistema actual de garda (garda semanal con 2 xulgados) está a funcionar de xeito correcto, sen atrancos na organización de permisos, licenzas, vacacións, etc.

Con todo, a política levada a cabo polo Goberno galego prioriza a creación de novos xulgados de primeira instancia, que actualmente son os que están a soportar unha maior carga de traballo, nos partidos xudiciais que superan o módulo de entrada de asuntos fixado polo Consello Xeral do Poder Xudicial."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 14:00:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10582
Data envío: 05/09/2024 14:00:10.637

CSV: B6PISJTB93M0K09FH8-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

Verificación: CVE-PPRPAR: 68d003a5-26d8-1ec1-ac03-34a4f9f16026
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
7471F1E1DAB5B8A7BDFE7C



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:45
Nº Rexistro: 10542
Data envío: 05/09/2024 09:41:45,554

CSV: B6P5TRB3CAGQV4BFF4K2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 1969**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**os avances na aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Consello de Contas de Galicia do ano 2023 en materia de transparencia, bo goberno e integridade institucional**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública** que ten o seguinte contido:

"A Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión, prevista no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión da Xunta de Galicia, creouse mediante o Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro, e porase en funcionamento no segundo semestre de 2024.

A revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de maio de 2023 supón, unha auténtica actualización das previsións do Código ético institucional, especialmente na perspectiva da integridade institucional como principio ou política inspiradora de toda a actuación da Xunta de Galicia, así como de xeito mais particular en relación coas situacións de posibles conflitos de intereses, tanto de persoal empregado público como de altos cargos.

Este Plan xeral afecta a todos os fondos, non so aos fondos Next Generation EU.

Polo que respecta á formación específica en materia de integridade institucional e conflitos de intereses xa se inclúe nos plans de formación continua da Escola Galega de Administración Pública da ética pública e da integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público, así como a inclusión dunha formación específica dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En relación á aprobación ou modificación da normativa autonómica en aspectos relacionados coa integridade, debe destacarse xa se produciu unha modificación fundamental na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En canto á regulación dos grupos de interese xa foi prevista no Programa marco de integridade institucional aprobado en maio de 2021, porén, na actualidade estase á espera da aprobación da norma que se está tramitando a nivel estatal nesta materia, na medida en que pode afectar á Comunidade Autónoma.

En relación co anonimato na presentación das denuncias a actualización e revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia incorpora as previsións da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, nesta materia ao recoller a posibilidade de presentación anónima, tanto na canle interna de denuncias da Xunta de Galicia, como nas entidades instrumentais que crearon canles internas propias e independentes daquela. Ademais, habilitouse un buzón de integridade, no que o persoal empregado público pode de xeito preventivo, consultar interpretacións e concrecións sobre o sistema de integridade institucional.

Finalmente, polo que respecta aos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude das distintas Consellerías, no ano 2023 a realizouse por parte da Xunta de Galicia un impulso importante, polo que hoxe en día, un total de 92 centros directivos contan con plans de prevención de riscos aprobados.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, creou a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, adscrita á institución do Valedor do Pobo, como institución autonómica análoga á autoridade independente prevista na Lei 2/2023, do 20 de febreiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:41:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:41:11
Nº Rexistro: 10537
Data envío: 05/09/2024 09:41:11.445

CSV: B6P5TRB9Chp0W1Q1hw8-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2035**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a influencia das grandes compañías forestais de produción de pasta na política ambiental e de ordenación e xestión do monte en Galicia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

“As Administracións Públicas deben respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de obxectividade e transparencia da actuación administrativa, garantindo os mesmos dereitos e obrigas para toda a cidadanía. E, neste sentido, a Xunta de Galicia respecta e promove o cumprimento da normativa vixente nos diferentes ámbitos, incluído o relativo ao réxime de transparencia e bo goberno, sen entrar en argumentacións retorcidas e enganosas que carecen de fundamento.

Por outra parte, na pregunta formulada faise referencia a unha suposta posición de dominio de grupos pasteiros que condicionarían a política ambiental e forestal. En primeiro lugar, cómpre rexeitar o dito argumento, xa que esta non está condicionada polos grupos empresariais senón polas políticas emanadas no marco e axenda europea e nas políticas do Goberno galego nos distintos ámbitos sectoriais ambiental e forestal. Así, en materia de industria forestal, este Goberno convocou un paquete de axudas destinado ás pemes galegas asociadas á cadea monte industria, onde, só nos tres últimos anos, supuxeron máis de 40 millóns de euros. Os datos desagregados foron os seguintes:

- Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais con preto de 20 millóns de euros. Onde liñas en materia de xestión forestal sustentable, da industria da castaña ou da resina ou liñas específicas para a obtención de produtos de alto valor engadido supoñen as accións estrela deste tipo de axudas públicas.
- Axudas á valorización e á segunda transformación das pequenas e medianas empresas da industria forestal galega e do contract por máis de 8 millóns de euros.
- Axudas para investimentos en ecoinnovación e dixitalización da industria forestal-madeira e outras industrias que desenvolvan solucións ecoinnovativas baseadas na madeira, dotadas cun investimento de preto de 3 millóns de euros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Esta liña de innovación e investigación non é allea no resto de Europa, vimos de abrir canles de comunicación para traballar en conxunto con Alemaña. Grazas aos datos do IFCG somos quen de entender que estamos baixo as mesmas dinámicas que outros países, e a partires de aí, colaborar con outros centros de innovación e excelencia para poder aproveitar de forma sustentable as masas frondosas de Galicia, e deste xeito seguir a loitar contra o abandono e os incendios forestais. E isto é así, porque o cambio climático está a impactar na transición ecolóxica das especies, de feito nos bosques de Alemaña cabe esperar que nas próximas décadas exista unha proporción de frondosas caducifolias do 75%. E aínda que xa existen enfoques prometedores para o uso de especies como (bidueiro, faia), a industria da madeira europea, e por tanto galega, aínda non está preparada para o uso de frondosas en sectores cun alto valor engadido.

2. Axuda ao tecido asociado á cadea monte-industria, especialmente pemes, a ser máis competitivo, máis innovador e a percorrer a necesaria transición dixital. Tal como xa se sinalou o paquete de axudas en materia de formación (non regrada), ecoinnovación, dixitalización, descarbonización e industrialización superou os 40 millóns de euros nos últimos tres anos.
3. Loita contra o cambio climático mediante políticas concretas de descarbonización. Descarbonizar os edificios e construcións mediante a incorporación de madeira galega é outro dos eixos principais deste Goberno. A incorporación da madeira nas edificacións públicas (centros de saúde, bases de unidades operativas contra incendios forestais, institutos de estudos secundarios) amosan o compromiso en primeira persoa deste Goberno para o uso deste material en estruturas. Asemade, esta acción, complementase con axudas públicas destinadas á promoción privada con este mesmo fin e que totalizan, como xa se indicou, máis 7,5 millóns de euros nos últimos tres anos. E onde a rastrexabilidade e o fomento do recurso endógeno son compoñentes nucleares no desenvolvemento destas liñas de acción.

Por tanto, a Xunta de Galicia traballa para promover a demanda de madeira como produto ecosustitutivo fronte a outros de maior pegada de carbono, mentres reforza os labores de asesoramento e promoción da madeira que se ofrecen desde o CIS-Madeira a centros directivos da Xunta e a entidades e organizacións de carácter público ou privado.

Creación dun ecosistema robusto de innovación, investigación e coñecemento ligado ao sector forestal de Galicia. No 2024 estase a abordar o proceso de restauración da finca de Lourizán, para a que se elaborará un proxecto construtivo e de execución. Ademais, está en marcha o traspaso do CIF Lourizán á Axencia Galega da Industria Forestal, co fin de crear un polo de innovación e investigación onde o CIF conxuntamente co CIS-Madeira compoñan un gran centro de bioeconomía ligado á cadea monte-industria que dea satisfacción aos novos retos e demandas que están a xurdir en materia forestal”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:33:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10132
Data envío: 29/08/2024 22:33:21.480

CSV: B6P5TRB2G3A0fj06fnt-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2371**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o estado da estrada AC-453, as súas condicións de seguridade para vehículos e peóns e as previsións da Xunta de Galicia respecto da mellora desta infraestrutura"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas** que ten o seguinte contido:

"Ao respecto das características do tráfico nesta estrada, cómpre sinalar que a AC-453 rexistrou no ano 2023 un tráfico de 3.571 veh/día nun treito de 1,4 Qm entre os puntos quilométricos 3+450 e 4+850. O treito de 6,89 quilómetros ata Portomuro rexistrou 2.318 veh/día, e cómpre sinalar que a media de tráfico das estradas autonómicas da provincia da Coruña foi en 2023 de 4.227 veh/día. Non se rexistran nesta estrada treitos de concentración de accidentes nin treitos de alto potencial de mellora, de acordo cos datos de sinistralidade trasladados pola Dirección Xeral de Tráfico.

A Xunta de Galicia programa as súas intervención nas estradas autonómicas con criterios técnicos e de acordo coas necesidades globais identificadas na rede autonómica de estradas. Así, nos últimos anos a Axencia galega de Infraestruturas ten investido para a mellora das estradas autonómicas no concello de Ames, e un exemplo foi o reforzo do firme na propia AC-453 levado a cabo no ano 2022 e co que se mellorou o firme de toda a estrada, completouse e repúxose a sinalización horizontal e balizamento e repintáronse as zonas onde se realizou o fresado e reposición".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 12:12:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 12:12:04
Nº Rexistro: 10165
Data envío: 30/08/2024 12:12:04.220

CSV: B0P5TRB0C7W0M0GPH162
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2412**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións canto á ampliación do polígono industrial de Ribadavia e as necesidades de solo empresarial nesta comarca"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O parque empresarial de Ribadavia é unha promoción do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS). Esta actuación está incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (en diante, PSOAEG). Os trámites iniciáronse o 5 de febreiro de 1992 coa sinatura do correspondente convenio entre o Concello de Ribadavia e o IGVS. O plan parcial que desenvolvía o ámbito foi aprobado o 14 de setembro de 1998 e contemplaba a execución da urbanización en tres fases. A normativa do plan parcial foi modificada en 2004 e 2007.

A fase I fase II do parque empresarial están executadas e en funcionamento (en ambos casos, actualmente hai algunha parcela dispoñible).

A fase III non está totalmente desenvolvida. De acordo co protocolo asinado entre o IGVS e o Concello de Ribadavia cuxo obxecto é o desenvolvemento urbanístico que permita executar a ampliación do parque empresarial de Ribadavia, ámbalas dúas partes manifestan a conformidade de que sexa o Concello de Ribadavia quen impulse, redacte e aprobe a modificación do plan parcial que estableza a ordenación detallada dos terreos correspondentes á fase III.

Porén, cómpre salientar que existe unha afección que condiciona o seu desenvolvemento, xa que a meirande parte do ámbito está dentro da zona de fluxo preferente do río Avia, polo que o seu desenvolvemento está condicionado polo establecido no Plan Hidrolóxico da cunca hidrolóxica Miño-Sil (PHMS) e o Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), cuxo artigo 9 bis establece unha serie de limitacións aos usos na zona de fluxo preferente en solos de situación básica de rural.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cómpre lembrar que o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio requiren a tramitación de procedementos administrativos que garantan que non existan afeccións aos valores ambientais ou patrimoniais para os que non se poidan establecer suficientes medidas correctoras nunha parte do seu ámbito ou na súa totalidade. Por esta razón, ao longo da tramitación dos ditos procedementos, poden aparecer condicionantes que fagan variar o deseño do proxecto inicialmente previsto ou mesmo limitar a súa viabilidade.

De acordo coa información dispoñible, o Concello encargou en 2024 un estudo de inundabilidade, no marco da tramitación da modificación do plan parcial.

Por outra parte, o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ribadavia, aprobado definitivamente con data 29/11/2019, conta con distintos ámbitos clasificados como solo urbanizable industrial. Concretamente as Áreas UNDI-2 e UND-4 que delimitan unha superficie total de solo urbanizable non delimitado industrial de 25.465 m² e 41.364 m² respectivamente, encóntranse nas inmediacións do parque empresarial de Ribadavia. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:40:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:40:56
Nº Rexistro: 10535
Data envío: 05/09/2024 09:40:56.711

CSV: BGRSTB93MkgFEJrnt-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2449**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a intención do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia de crear, xunto co grupo portugués ISQ, un centro de investigación do vehículo eléctrico e híbrido en Portugal e as previsións do Goberno galego na loita contra a deslocalización da industria do automóbil na área de Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O sector da automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa. Esta cadea de valor, aglutinada na Agrupación industrial de Automoción e Mobilidade de Galicia (CEAGA), conforma un completo ecosistema colaborativo de innovación con máis de 200 compañías, ás que se suman as máis de 80 startups creadas no seo da aceleradora Business Factory Auto & Mobility. Trátase dunha cadea moi completa, xa que a automoción é unha industria de síntese que integra a diferentes sectores como o da electrónica/Tics, bens de equipo, metal, químico, téxtil, transporte, madeira, etc., pero tamén ao sector servizos, como I+D+i, medio ambiente, loxística, entre outros.

Dentro da cadea de valor, intégrase o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), creado en 2002 por iniciativa do Goberno galego e de CEAGA.

O CTAG ten como principal misión a de contribuír á mellora da competitividade das empresas de automoción, incorporando novas tecnoloxías e impulsando o desenvolvemento, a investigación e a innovación tecnolóxica. Conta actualmente cun equipo de máis de 1.200 persoas, incluíndo unha maioría de persoas técnicas e enxeñeiras.

Como é sabido, o sector da automoción é un sector totalmente globalizado e internacionalizado, cun importante factor de crecemento baseado no I+D+i.

Un dos obxectivos de CTAG para manterse á vangarda da innovación no sector é a mellora permanente dos resultados da súa actividade de I+D+i, adquirindo novos coñecementos tecnolóxicos para ofrecer un servizo máis eficaz ás empresas do sector de automoción, incorporando un maior valor engadido e atraendo novos proxectos, optimizando a súa competitividade, o que lles permite ter investimentos en tecnoloxías de vangarda e de formar e incorporar recursos humanos altamente cualificados.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Outra panca de crecemento do CTAG é a internacionalización, ofrecendo servizos a todos os actores globais, para que se poidan realizar desde Galicia, transformándose nun polo de atracción de investimentos, participando nos proxectos que se desenvolven e fabrican na nosa Comunidade.

Aínda que a visión de CTAG sexa seguir investindo en Galicia, ofrecendo servizos, produtos e procesos que arraiguen ao sector nesta Comunidade Autónoma, debe responder a unha forte competencia internacional na innovación, o que aconsella, nalgúns casos, manter alianzas estratéxicas con centros tecnolóxicos doutros países comunitarios. Isto levou ao CTAG a crear, cun centro tecnolóxico homólogo e complementario, ISQ, unha join-venture, en base á que se producirán investimentos que para o CTAG serán, en todo caso, minoritarios con respecto aos executados en Galicia. Este tipo de alianzas entre centros tecnolóxicos de distintos países son habituais neste tipo de entidades, sendo enriquecedoras ao permitir a xeración de sinerxías entre os esforzos técnicos e económicos de ambas entidades.

En relación ao apoio da Xunta de Galicia ao sector da automoción, cómpre sinalar que, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector da automoción, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, o pasado mes de xullo tense presentado xa o anteproxecto do seu plan director ao sector, co fin de que as distintas entidades poidan remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao mesmo, previamente á petición do informe Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial e, posteriormente, á aprobación do Plan Director por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5TRB0GJMKP#008H#-2
Verificación: CVE-PPREPAR: a4e56163-c4b9-7252-4701-5837f0eda110
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/osv/>





Ademais, tendo en conta a celeridade coa que se debe producir o proceso de transición, a Xunta de Galicia publicou a principios de xullo 2024 unha convocatoria dotada con 18 millóns de euros, como primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade.

Por outra parte, co fin de promover a mellora tecnolóxica da automoción galega en toda a cadea de valor, a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio para destinar 4 millóns de euros ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) para a creación de dous laboratorios: o primeiro de compoñentes para vehículos eléctricos e procesos de fabricación, así como un segundo para cuestións como iluminación.

Estas medidas, unidas as distintas figuras de axilización administrativa para a implantación de proxectos industriais, son algunhas das actuacións emprendidas pola Xunta de Galicia para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil, e que permiten paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais, que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:33:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10129
Data envío: 29/08/2024 22:33:02.261

CSV: B6P5TRB9GJURF#0E8H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2558**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas , e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as medidas e estratexias que prevé desenvolver o Goberno galego para o impulso e a consolidación dos sectores industriais na comarca de Vigo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"A industria galega evolucionou positivamente no ano 2023 a pesar do contexto socioeconómico cambiante dos últimos anos: inestabilidade económica global marcada polos conflitos xeopolíticos, que tiveron un efecto importante nas cadeas de subministración combinada coa crise enerxética que afectou negativamente á produción e á exportación. Asemade, os esforzos en sustentabilidade e a adaptación ás normativas medioambientais esixiron de investimentos significativos que, aínda que necesarios a longo prazo, supuxeron un verdadeiro reto inmediato.

En conxunto, a industria galega demostrou unha sobresaínte capacidade de resiliencia e adaptación, sentando as bases para un futuro prometedor, aínda que con importantes desafíos por superar.

Boa mostra é, que a pesar deste contexto global, a industria galega evolucionou positivamente en cifras de VEB industrial, emprego e está conseguindo cifras récord en exportacións.

Estes datos positivos resultan esperanzadores pero, no actual contexto de transición dixital e verde, a industria debe adaptarse e posicionarse para mellorar a súa competitividade e para converter Galicia nun polo de atracción de novos investimentos e proxectos industriais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705


Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Neste sentido, debe tratarse de que o valor engadido bruto industrial aumente o seu peso estrutural e continuar coa senda de evolución positiva dos últimos anos:

Gráfica. Evolución VEB Industrial. Serie 2009-2023



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. (Datos en miles de euros. Nota: os datos anuais de 2021 son provisionais e os referidos a 2022 e 2023 avances).

Como dato de referencia, citar que, anteriormente á covid-19, o ano 2018 é o que marca o mellor rexistro en termos de VEB industrial, acadando o nivel máis alto desde 2009.

No período post-pandemia, 2021 marca o inicio da recuperación, acadando un nivel de VEB próximo aos mellores resultados dos anos precedentes. Sen embargo, é nos anos 2022 e 2023 cando se consolida esta tendencia alcista acadando rexistros récord e marcando os mellores resultados de toda a serie histórica. Cómpre salientar que 2023 segue a mellorar o nivel de VEB industrial, ao rexistrar un incremento interanual do 3,9% sobre o ano precedente.

En canto ao emprego industrial, partindo dos datos anuais da EPA para o ano 2023, a industria galega representa un 14,9% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera a media estatal, que acada un 13,3%. En base a estes datos, pódese afirmar que, estruturalmente, o emprego industrial galego ten un peso superior ao de España. No ano 2023, Galicia rexistrou unha media de 168.200 persoas ocupadas na industria, incrementando a cifra nun 1,45% respecto a 2022.

Co fin de continuar avanzando no impulso da actividade industrial e, polo tanto, na creación de emprego neste sector, a Xunta de Galicia está a desenvolver distintos instrumentos previstos na normativa vixente.

De acordo co artigo 60 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, a planificación da política industrial galega plasmarase nunha estratexia de política industrial que se baseará nos seguintes instrumentos:

- Os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia, que son instrumentos de carácter estratéxico que teñen como finalidade promover o desenvolvemento da actividade industrial no sector específico que corresponda, mediante a definición das medidas necesarias para o seu impulso.
- O Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En relación ao impulso dos sectores naval e da automoción, de gran importancia na cidade de Vigo e na súa área, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector industrial da automoción e o da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción e da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas dos respectivos sectores, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, o pasado mes de xullo téñense presentado xa os anteproxectos dos plans directores dos sectores da automoción e da construción naval co fin de que as distintas entidades poidan remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao anteproxecto, previamente á petición do informe Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial e, posteriormente, á aprobación dos respectivos plans directores por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Os resultados das medidas destes plans directores terán beneficios positivos tanto na cidade de Vigo, como na súa área, e en toda Galicia.

En canto ao acceso aos fondos comunitarios e estatais, desde a Xunta de Galicia, a través da Oficina Económica de Galicia (Igape) dáse apoio e asesoramento a todas as empresas da Comunidade Autónoma para a preparación dos seus proxectos e presentación ante as diferentes convocatorias de axudas.

En calquera caso, cómpre lembrar que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar os fondos previstos para os PERTE sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas, o que está a repercutir na lentitude e baixa execución, a falta de menos de dous anos para a finalización do prazo de xustificación”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:32:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10126
Data envío: 29/08/2024 22:32:40.152

CSV: B6P5T8D3-1G6FA3m422
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3573**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"os informes do Consello de Contas verbo da transparencia e control público da Sociedade Impulsa Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"A Sociedade Impulsa Galicia é unha sociedade en cuxo capital participan a Xunta de Galicia (40%), Abanca (38%), Reganosa (12%) e Sogama (10%). Trátase dun instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Esa é, precisamente, a actividade principal da sociedade: o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital.

Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

- Identificando oportunidades en Galicia.
- Captando investimentos.
- Consequindo socios industriais.
- E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

O capital inicial dunha sociedade fíxase en atención a unha serie de parámetros, especialmente ás estimacións do seu plan de negocio que, neste caso, consiste en analizar e impulsar proxectos de centos de millóns de euros, que xerarán milleiros de empregos na economía galega, polo que debe ter suficiente capacidade económica para asumir uns gastos de operación para este labor.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Pola súa parte, os ingresos e gastos, reflectidos nas contas anuais, derívanse das actividades propias da sociedade.

Por outra parte, en relación ás retribucións dos membros do Consello de Administración, comité executivo e alta dirección, cómpre salientar que ningunha das persoas que forman parte deles en representación das sociedades que participan no seu capital, incluída a Xunta de Galicia, perciben retribución algunha pola dita participación.

En canto aos proxectos impulsados, desde a data de constitución da sociedade, téñense dado importantes pasos en firme en diferentes proxectos, algún dos cales están xa nunha fase avanzada de tramitación. Agora ben, como calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidas, nin todas están no mesmo estado de madurez.

Unha vez os proxectos se atopan en tramitación, a información está dispoñible para toda a cidadanía, como no caso do proxecto industrial estratéxico "proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas", cuxa información pública pode consultarse na ligazón https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html

Por outra parte, no caso de Recursos de Galicia, a sociedade constituída está xa en operación, como se ten informado publicamente en diversas ocasións, co obxectivo último de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traducirá sempre en riqueza social para a comunidade.

Finalmente, existen outros proxectos que actualmente se atopan en fase de conceptualización, e cuxa tramitación non ten comezado. Nestes casos, ao tratarse de proxectos nos que poden participar empresas privadas, nalgúns casos con acordos de confidencialidade (cómpre lembrar que a propia Sociedade Impulsa Galicia ten maioría de capital privado), deben respectarse as necesarias cautelas derivadas do segredo comercial ou industrial.

En calquera caso, cómpre salientar que os proxectos impulsados por Impulsa Galicia foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade, sendo un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo.





Finalmente, con respecto ao carácter da Sociedade Impulsa Galicia, cómpre salientar que se trata dunha sociedade privada con participación pública minoritaria. Non se trata dunha sociedade mercantil pública autonómica, por non concorrer nela os requisitos establecidos no artigo 102.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), que determina que para ter tal condición no seu capital social ten que ser maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei.

Tampouco é unha sociedade mercantil á que, aínda non sendo autonómica, lle sexa de aplicación a Lofaxga, por non atoparse en ningún dos supostos regulados no apartado 2 do artigo 102, dado que nesta sociedade, nin a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nin as entidades instrumentais reguladas nesa lei dispoñen da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios; ademais, tampouco a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nin as entidades instrumentais reguladas nesa lei teñen dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 14:01:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 10584
Data envío: 05/09/2024 14:01:41.292

CSV: B0P5T8D3Kf0fWGRm0-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3739**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o traballo preventivo e de inspección levado a cabo pola Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, as previsións para 2024 e o grao de desenvolvemento dos instrumentos de control que ten a Administración autonómica neste eido, así como sobre a existencia do Consello Galego de Seguridade Industrial"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"En relación á seguridade industrial, o modelo actualmente vixente baséase no autocontrol e participación de terceiras partes independentes, de acordo cos criterios establecidos a nivel comunitario. Os regulamentos de seguridade industrial regulan as inspeccións das instalacións, realizadas habitualmente polas OCAs (antigos Organismos colaboradores coa administración e actuais Organismos de Control), auditadas e vixiadas pola entidade de acreditación ENAC, coa colaboración e tutela da administración.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, establece no seu artigo 5.2 que os instrumentos integrantes do sistema de control da seguridade industrial en Galicia son os seguintes:

- Intervención administrativa na instalación, modificación ou posta en funcionamento de establecementos e instalacións industriais nos termos descritos no capítulo I deste título.
- Rexistro Industrial de Galicia.
- Rexistros de instalacións industriais.
- Inspección industrial: plans e programas de inspección.
- Entidades legalmente habilitadas.

Polo tanto, entre as ferramentas que coaduxuan a cumprir eficazmente o servizo de vixilancia e inspección referente á seguridade dos establecementos, instalacións e produtos industriais atópanse os plans de inspección como fórmula idónea para garantir o cumprimento dos regulamentos de seguridade industrial e a normativa que lles resulte de aplicación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Os plans de inspección enmárcanse así nunha cultura da seguridade industrial baseada na adopción de medidas preventivas e correctoras, co obxectivo de acadar unhas instalacións industriais máis seguras. A eles se refiren os artigos 13 e 14 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, indicando o primeiro deles que a dirección xeral competente en materia de industria elaborará e aprobará, con carácter periódico, plans de actuacións inspectoras programadas e que mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de industria se aprobarán o obxecto, contido e ámbito de actuación que informen cada plan, así como as instrucións que han de cumprirse polas entidades legalmente habilitadas e os servizos correspondentes das xefaturas territoriais do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de industria, para levar a cabo as inspeccións que han de realizarse conforme ao plan e programas que se aproben.

Os plans de inspección son tamén un instrumento estatístico que permite comprobar o control do cumprimento das distintas instalacións sometidas á normativa de seguridade industrial. Así mesmo, os plans e programas de inspección permiten ter un coñecemento máis rigoroso da realidade do tecido industrial e das necesidades en materia de seguridade.

En relación aos plans e programas de inspección en materia de seguridade industrial, regúlanse na actualidade no título I do libro primeiro do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro (o cal derroga a Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia), e no Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobándose mediante Orde publicada no Diario Oficial de Galicia.

De conformidade co artigo 13.2 do Decreto 219/2008, do 25 de setembro, sobre inspección de industria na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de industria apróbanse os sucesivos plans anuais, nos que se describen o obxecto, o contido e o ámbito de actuación. Sendo o obxecto do Plan de inspección, a comprobación da adecuación da posta en funcionamento e as condicións de servizo dos establecementos, instalacións, actividades e produtos respecto dun ou varios dos regulamentos de seguridade e da normativa que lles sexan aplicables.

No ano 2011 publícase a primeira Orde pola que se aproba o obxecto, contido e ámbito de actuación do Plan de inspección da seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia, e, cada ano, con carácter xeral, publícase a correspondente orde de aprobación do plan de inspección

Por outra parte, a Administración competente en materia de industria fai un control por mostraxe tanto dos establecementos, das instalacións, dos produtos e das actividades industriais, comprobando a adecuación, xa sexa da súa posta en funcionamento e condicións de servizo, ou o que proceda, aos requisitos legais, regulamentarios e técnicos previstos na normativa aplicable. No seu caso esíxense as responsabilidades que correspondan nos supostos de incumprimentos legais ou defectos técnicos, acordando o inicio de expediente sancionador, se procede.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En relación ás inspeccións do ano 2023, o 12 de xuño de 2023 publicouse no DOG a Orde do 2 de xuño de 2023, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se aproba o plan de inspección en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. No seu artigo 7 establécese que a vixencia do Plan de Inspección 2023 comezará o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, estendéndose ata o 31 de marzo de 2024.

O Plan de Inspección 2023 para a Comunidade Autónoma de Galicia estivo composto polos seguintes programas e número de inspeccións:

PROGRAMAS		SECTORES	N.º INSPECCIÓNS
1	Instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial	Instalacións eléctricas de baixa tensión	75
		Instalacións de xeración asociadas ao autoconsumo	75
		Alta tensión e Centros de transformación particulares	60
		Ascensores	45
		Instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos: Subministración a vehículos	30
		Instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos: Subministración a vehículos propios	30
		Instalacións térmicas en edificios	15
		Instalacións de almacenamento de produtos químicos	5
		Instalacións de seguridade contra incendios en establecementos industriais	15
2	Empresas instaladoras ou mantedoras no ámbito da seguridade industrial	Declaracións responsables de empresas instaladoras ou mantedoras no ámbito da seguridade industrial	233
3	Accidentes graves	Establecementos industriais afectados polo R.D. 840/2015, de 21 de setembro, no seu nivel superior	13
4	Empresas que manipulan gases fluorados	Declaracións responsables de empresas que manipulan gases fluorados nos ámbitos das instalacións frigoríficas, instalacións térmicas nos edificios, instalacións de protección contra incendios e en instalacións de alta tensión.	50

No caso do ano 2024, no DOG Núm. 107 do martes, 4 de xuño de 2024 publicouse a Orde do 24 de maio de 2024 pola que se aproba o Plan de inspección en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Ademais, aprobouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Galega de Organismos de control autorizados para a realización dun plan extraordinario de inspección en materia de seguridade industrial e unha campaña de inspección de vixilancia de mercado no ano 2024.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
 Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
 Santiago de Compostela. 15705
 Tfno. 981 54 49 19
 Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BGRJSTBZGAMQF39Bfht-2

Verificación: CVE-PPREPAR: bd7d6271-2710-bff5-2215-89bced7126d5

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/osv/>





En todo caso, aparte destas inspeccións previstas no Plan, os Departamentos Territoriais realizan as actuacións de comprobación que consideran necesarias.

Por outra parte, adicionalmente aos dos plans anuais de inspeccións, nos últimos anos realizáronse diversas actuacións en materia preventiva para promover a seguridade industrial en Galicia:

- Contacto con Asociacións profesionais (instaladores e mantedores), técnicos proxectistas e organismos de control.
- Labores de información, asesoramento, control de inspeccións regulamentarias, dos axentes implicados na seguridade industrial (titulares das instalacións, proxectistas, instaladores e mantedores habilitados e organismos de control).
- Convenios de colaboración entre a consellería competente en materia de industria e a Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados para a realización dun plan de inspección en materia de seguridade industrial.
- Plans de inspección de eficiencia enerxética de instalacións térmicas en Galicia, ao amparo da normativa de seguridade industrial de Galicia.
- Convenio de colaboración entre a Consellería competente en materia de industria e ASGOCA para o desenvolvemento dunha campaña de difusión e concienciación sobre seguridade industrial en Galicia.
- Convenio de colaboración entre a Consellería competente en materia de industria e a Federación Galega de Asociacións Provinciais Empresariais de fontanería, calefacción, gas, climatización, mantemento e afíns "FEGAFON", para o desenvolvemento dun proxecto de marca de garantía no sector das empresas instaladoras de fontanería en Galicia.
- Información accesible ao público (<https://oficinavirtualindustria.xunta.gal/>) sobre empresas instaladoras e mantedores habilitadas no campo da seguridade industrial, procedementos de xestión inscrición de instalacións e empresas habilitadas, mediante procedementos telemáticos na oficina virtual de industria (abertos 24 h/365 días o ano).
- Proporcionase información durante todas as fases dos trámites administrativos relacionados coa seguridade industrial, derivados da posta en marcha ou da modificación das instalacións industriais.

Xa no ano 2024, reforzáronse e fortalecéronse as medidas en materia de seguridade industrial en Galicia mediante as seguintes actuacións:

- Plan extraordinario de inspeccións en materia de seguridade industrial 2024, que completa e reforza o Plan ordinario, a través dun novo convenio de colaboración entre asinado coa Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados.
- Convenio de colaboración co ICOIIG-Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia para desenvolver diversas actuacións de fomento e difusión en materia de seguridade industrial.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





- Establecemento dun mecanismo para regularizar instalacións sometidas aos regulamentos de seguridade industrial.
- Posta en marcha do Consello Galego de Seguridade Industrial, previsto como un órgano colexiado da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de industria, de natureza consultiva e de participación, para o impulso e coordinación dos criterios e actuacións en materia de seguridade industrial. Así, o pasado 4 de xullo de 2024 constitúíse o Consello Galego de Seguridade Industrial, aprobándose na mesma data o Regulamento de organización e funcionamento do mesmo, o cal no seu artigo 5 establece a composición do consello de conformidade co establecido no artigo 31 do Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Na citada sesión constituínte do Consello ademais de aprobarse o citado Regulamento de organización e funcionamento do Consello Galego de Seguridade Industrial, constitúense os Comités Executivos previstos no Regulamento e aprobase a constitución das seguintes seccións técnicas e grupos de traballo:

Dependentes do Comité Executivo de Normalización:

- A Sección técnica de normalización para a regularización de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial.
- A Sección técnica de normalización de aparatos elevadores.
- Grupo de traballo para a implantación e seguimento da normativa SEVESO.

Dependentes do Comité Executivo de Regulamentos de Instalacións Industriais:

- A Sección técnica do Regulamento de Baixa Tensión, a proposta da consellería de economía e industria.
- Grupo de traballo sobre Polígonos empresariais.

Dependente do Comité Executivo do Regulamento de Instalacións Térmicas:

- A Sección técnica de Regulamento de Instalacións Térmicas en Edifícios.

En relación aos sistemas de información de cara á poboación, de acordo coa normativa vixente, entre os deberes e obrigas das persoas titulares dos establecementos e das instalacións figura "Tomar cantas medidas sexan necesarias para previr accidentes e limitar as súas consecuencias para as persoas e o medio ambiente".

Co fin de facilitar o cumprimento desta obriga, na páxina web da Xunta de Galicia, dentro da Consellería de Economía e Industria, dáse información sobre a periodicidade das inspeccións por OCAs para as distintas instalacións/establecementos. Así mesmo tamén, existe a relación de Organismos de Control para a seguridade industrial, así como empresa instaladoras e mantedoras.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A maiores hai Información accesible ao público (<https://oficinavirtualindustria.xunta.gal/>) sobre empresas instaladoras e mantedores habilitadas no campo da seguridade industrial e organismos de control, entidades de formación, talleres de reparación de vehículos, procedementos de xestión inscrición de instalacións e empresas habitadas, mediante vía telemática na oficina virtual de industria (abertos 24 h/365 días o ano) nos que se indica en cada un deles a regulamentación aplicable.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5T8B0GAM0F0309H7-2
Verificación: CVE-PPREPAR: bd7d6271-2710-bff5-2215-89bced7126d5
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:32:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10123
Data envío: 29/08/2024 22:32:20.215

CSV: B6P5T8B3GM0F3Q9H7-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 3963**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as diferenzas do prezo das parcelas dos polígonos empresariais de Taboada e Monterroso, a situación en que están as infraestruturas de auga, electricidade e urbanización no caso de Taboada e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para pórllas solución a estes problemas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"Os prezos do solo empresarial nos concursos de venda convocados pola Administración Autonómica dependen do custo de desenvolvemento dos distintos parques empresariais. Así, a diferenza temporal entre a execución das obras do parque de Monterroso (finalizadas en 2008) e o de Taboada é o que marca a diferenza de custos para a súa execución e, polo tanto, este feito reflíctese no prezo de venda. O incremento dos custos tanto de materiais como de man de obra, o aumento dos estándares que deben cumprir as obras dos parques empresariais en máis dunha década fan que, en xeral, o custo por metro cadrado necesario para o desenvolvemento dun parque empresarial sexa moi superior na actualidade, con respecto a 2008.

Neste caso, tamén inflúen as infraestruturas eléctricas que foi necesario executar para dar servizo ao parque, o que tamén repercute no prezo final do solo.

En relación á situación actual do polígono, cómpre salientar que o parque empresarial de Taboada xorde a través dun convenio entre o Concello de Taboada e o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (en diante, IGVS), asinado o 13 de xuño de 2001 e modificado o 22 de decembro de 2008. O polígono empresarial desenvolveuse en dúas fases, estando xa redactado e aprobado o planeamento de todo o ámbito.

A fase I está rematada coas obras de urbanización rematadas e recepciónadas, encóntrase en funcionamento. No último concurso de venda de parcelas de titularidade do IGVS (Resolución de 13 de febreiro de 2024) figuraban parcelas desta fase e quedaron desertas (concretamente 5 parcelas que supoñen un total de 5.400 m² dispoñibles). As parcelas foran ofrecidas cunha bonificación do 50%, que é a mesma bonificación que se aplica no parque empresarial limítrofe de Monterroso.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Pola súa parte, a fase II encóntrase parcialmente urbanizada. O concello de Taboada, en sesión extraordinaria de data 21 de xuño de 2024, outorgou a licenza de parcelamento urbanístico dos terreos da segunda fase.

Como seguinte paso, levaranse a cabo as obras recollidas no proxecto de terminación da urbanización, electrificación e alumeadado público do parque empresarial de Taboada. Cómpre sinalar que o desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma, debendo terse en conta que actualmente hai solo dispoñible a prezos bonificados na fase I do dito parque”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:40:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:40:30
Nº Rexistro: 10531
Data envío: 05/09/2024 09:40:30.618

CSV: B6P5T8D3KMG4H8-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 4888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o estado do expediente da subvención concedida ao Concello de Valga para a construción dunha subestación eléctrica co obxecto de dar servizo ao polígono empresarial da Medela e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que se poida executar a obra "**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O Concello de Valga foi un dos catro beneficiarios da convocatoria de axudas publicada o 26/01/2022, destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo coa resolución de concesión, o concello resultou beneficiario dunha subvención de 1.000.000,00€ para o reforzo e a extensión da rede do polígono de Valga, obra cun investimento subvencionable de 1.299.836,45€.

Antes de finalizar o prazo de xustificación dos investimentos, previsto inicialmente para o 31/10/2023, solicitou ampliar o dito prazo, debido á unha serie de dificultades na tramitación administrativa do expediente de contratación e á situación do mercado a nivel mundial, que provocaba retrasos nos prazos previstos de subministración dos equipos necesarios para acometer a obra.

Unha vez analizado o expediente, e verificándose o cumprimento da normativa vixente en materia de subvencións, resolveuse modificar a resolución de concesión, reaxustándose as anualidades previstas das axudas (ampliación ata o ano 2024), resultando da seguinte forma:

N.º EXPEDIENTE	CONCELLO	AXUDA CONCEDIDA (€)	AXUDA 2022 (€)	AXUDA 2023 (€)	AXUDA 2024 (€)
IN519D2022/02-0	Valga	1.000.000,00	37.219,74	312.092,93	650.687,33

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Con respecto ás contías xa xustificadas, cómpre salientar que o Concello de Valga xustificou 48.381,31€ na anualidade 2022 e libráronselle 37.219,74€ de subvención.

Así mesmo, xustificou 405.684,30€ na anualidade 2023 e libráronselle 312.092,93€ de subvención.

Ademais, respecto á anualidade 2024, e de acordo co establecido nas bases da convocatoria, o Concello solicitou e obtivo un anticipo do 50% da axuda, por un importe de 325.343,66€.

Polo tanto, a día de hoxe, os pagos xa realizados ao Concello de Valga en relación a este expediente son os seguintes:

- 2022: 37.219,74 €
- 2023: 312.092,93 €
- 2024: 325.343,66 € (en concepto de anticipo).

Non consta a día de hoxe que por parte do Concello de Valga se teñan xustificado os investimentos correspondentes á anualidade do ano 2024, para a que o investimento subvencionable pendente de xustificar polo Concello é 845.770,84 euros e o importe da axuda correspondente é 650.687,33 euros.

Finalmente, cómpre sinalar que a Consellería de Economía e Industria ten coñecemento dos problemas de subministración que están a experimentarse en certos compoñentes industriais, incluídos os eléctricos, e que están a afectar aos prazos de subministración inicialmente previstos para obras de certa envergadura, como a que se está a desenvolver no Concello de Valga.

Por esta razón, e dentro das posibilidades que ofrece a normativa vixente, ampliouse o prazo inicialmente previsto para a xustificación dos investimentos deste expediente e reaxustáronse as anualidades orzamentarias previstas na resolución de concesión.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra parte, na convocatoria de subvencións destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2024, estableceuse unha liña específica para os proxectos que obtiveran axuda na convocatoria 2022-2023, cuxos solicitantes presentaron unha renuncia á axuda por falta de tempo para obter as autorizacións e executar os proxectos. Adicionalmente, nesta convocatoria preveuse que o prazo de execución incluíse tres anualidades (2024 a 2026), co fin de adecuar os prazos da convocatoria de axudas aos prazos que actualmente están a requirir este tipo de obras. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:40:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:40:03
Nº Rexistro: 10527
Data envío: 05/09/2024 09:40:03,493

CSV: B6P5TRB3nW0fgGfimg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5002**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **" o grao de execución dos proxectos tractores anunciados polo Goberno galego desde 2020 e que se veñen desenvolvendo nestes catro anos, así como sobre os seus datos canto a investimento, emprego, empresas privadas involucradas e participación da Xunta de Galicia "**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"A Sociedade Impulsa Galicia é un instrumento de colaboración público-privada que naceu para responder ao gran reto de transformación do tecido produtivo da Comunidade galega aproveitando a oportunidade dos fondos Next Generation.

De feito, o cometido de Impulsa Galicia é axilizar e facilitar a execución de todas as fases de proxectos industriais estratéxicos susceptibles de ser implantados en Galicia para xerar riqueza e emprego, acompañando aos socios líderes de cada un deles, incorporándoos ao tecido empresarial galego.

Neste sentido, a actividade principal da sociedade é o impulso e desenvolvemento de proxectos empresariais estratéxicos con capacidade de dinamizar o cambio cara a unha Galicia máis verde e máis dixital. Este impulso lévase a cabo cunha serie de actuacións:

1. Identificando oportunidades en Galicia.
2. Captando investimentos.
3. Consequindo socios industriais.
4. E promovendo a colaboración entre institucións públicas e privadas para acompañar o desenvolvemento dos proxectos.

En canto aos proxectos impulsados, desde a data de constitución da sociedade, téñense dado importantes pasos en firme en diferentes proxectos, algún dos cales están xa nunha fase avanzada de tramitación. Agora ben, como calquera sociedade que se dedica a identificar oportunidades transformadoras, non todas elas chegan a acadar a madurez como para poder ser de interese para ser desenvolvidas, nin todas están no mesmo estado de madurez.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Unha vez os proxectos se atopan en tramitación, a información está dispoñible para toda a cidadanía, como no caso do proxecto industrial estratéxico "proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas", cuxa información pública pode consultarse na ligazón https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html

No caso de Recursos de Galicia, a sociedade constituída está xa en operación, como se ten informado publicamente en diversas ocasións, co obxectivo último de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traducirá sempre en riqueza social para a comunidade.

Finalmente, existen outros proxectos que actualmente se atopan en fase de conceptualización, e cuxa tramitación non ten comezado. Nestes casos, ao tratarse de proxectos nos que poden participar empresas privadas, nalgúns casos con acordos de confidencialidade (cómpre lembrar que a propia Sociedade Impulsa Galicia ten maioría de capital privado), deben respectarse as necesarias cautelas derivadas do segredo comercial ou industrial.

En calquera caso, cómpre salientar que os proxectos impulsados por Impulsa Galicia foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade, sendo un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:31:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10120
Data envío: 29/08/2024 22:31:59.169

CSV: B6PISJTB0CZ6WJEX0H11-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5131**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o novo plan industrial proposto por Navantia, as demandas da parte social dos seus centros en Ferrol e a opinión do Goberno galego sobre a posibilidade de recuperar a construción naval civil e de conseguir unha mellora do seu impacto económico nesa comarca"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"Tal e como sen vén demostrando de forma reiterada, a Xunta de Galicia apoia os investimentos que se poidan realizar no estaleiro Navantia Ferrol, que permitan garantir a súa actividade actual e futura e, polo tanto, o mantemento do emprego asociado á construción naval na comarca de Ferrolterra.

A este respecto, cómpre salientar que a propia Xunta de Galicia vén apoiando distintos proxectos en Navantia Ferrol, entre os que se poden salientar, nos últimos anos, as axudas de 6,17M€ para o desenvolvemento de investimentos de preto de 21M€ vencellados á dixitalización e melloras no eido da I+D+i que permitan a mellora da súa competitividade.

Adicionalmente, a través do programa de Unidades Mixtas téñense apoiado diversos proxectos de Navantia:

- Estaleiro do Futuro (2015-2018 e 2018-2021) desenvolvida xunto coa UDC para que Navantia se converta nun Estaleiro 4.0. Orzamento de 4,88M€ e unha axuda de 1,46M€.
- Nautilus (2018-2021), desenvolvida en colaboración con Almen para a innovación na fabricación de buques militares. Orzamento de 2,4M€ e unha axuda de 0,73M€.
- Centro Mixto de Investigación UDC-Navantia (2022-2025), que da continuidade ao Estaleiro do Futuro. Orzamento de 3,75M€ e unha axuda de 1,5M€.

Ademais, na 3ª Edición da convocatoria de Fábrica Intelixente (2019) apoíouse o proxecto "F4ST" que contou cun orzamento de 9,9M€ e unha axuda de 2,48M€.

Con respecto ao Plan industrial, ao que se fai referencia na pregunta, a Xunta de Galicia ten amosado o seu apoio, aínda que, a día de hoxe, non se teña constancia nin garantías do cumprimento de distintas promesas realizadas a principios do ano 2024 por parte do presidente do Goberno, en relación á carga de traballo en Navantia Ferrol.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Pola contra, por parte da Xunta de Galicia trátase sempre de apoiar e axilizar as actuacións que poidan garantir a carga de traballo neste estaleiro. Así, o pasado mes de xullo, a Xunta de Galicia outorgou a Autorización Ambiental Integrada para a planta de construción e mantemento naval de Navantia en Ferrol. Con esta resolución complétanse os pasos para que a instalación obteña os permisos ambientais necesarios para desenvolver a actividade, dado que as súas características fan que teña que ser sometida a unha autorización ambiental integrada, figura de intervención administrativa que establece o condicionado medioambiental para a realización destes traballos.

A documentación recolle que a planta de reparación e construción de barcos de Ferrol desenvolverá actividades para o deseño, fabricación, construción, transformación, reparación e mantemento de buques, zonas de embarcacións, artefactos mariños (incluídas instalacións offshore), pequenas embarcacións e equipamentos industriais. Ao mesmo tempo as instalacións servirán para a fabricación, montaxe e reparación de turbinas e aeroxeradores incluíndo as súas estruturas de soporte fixas ou flotantes, para a súa posterior instalación no destino final.

A planta atópase nunha parcela cunha superficie total de máis de 930.000 metros cadrados e conta cunha zona cuberta de 335.000 metros cadrados; outra de gradas, prearmamento de bloques e superficie de almacenaxe de 230.000 metros cadrados; así como os talleres, que contan cunha zona cuberta de 13.000 metros cadrados e outra descuberta de 19.000 metros cadrados.

Por outra parte, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores industriais como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os plans directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o tecido industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.





No caso do sector da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas do mesmo, entre elas, Navantía, así como coas distintas Consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, o pasado mes de xullo tense presentado xa o anteproxecto do plan director do sector da construción naval ao sector, co fin de que as distintas entidades poidan remitir achegas ou observacións, para a súa consideración e, de ser o caso, incorporación ao anteproxecto, previamente á petición do informe Consello Galego de Economía e Competitividade, prevista no artigo 65.5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial e, posteriormente, á aprobación do Plan Director por parte do Consello da Xunta de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/08/2024 22:31:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10117
Data envío: 29/08/2024 22:31:25.669

CSV: B6P5T8D3aM02FmOKFt4t02
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5146**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a xestión e o estado dos centros que atenden menores en réxime de internamento terapéutico e os recursos materiais e humanos cos que contan"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A rede de centros públicos destinados ao cumprimento de medidas xudiciais establecidas na lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, dispón de capacidade suficiente para garantir que todas as persoas que teñen que cumprir ditas medidas na Comunidade Autónoma de Galicia fano con normalidade e en función do tipo de medida establecida polo xulgado correspondente.

Respecto do centro público de reeducación Monteledo, efectivamente este centro funciona con total normalidade e a súa forma de xestión non ten variado nos seus preto de 30 anos que leva en funcionamento.

A única novidade que se ten producido, da cal se ten informado de xeito reiterado, é que a Xunta de Galicia modificou o procedemento de selección da entidade, que ata agora víñase facendo a través dun convenio (publicado no DOG) e agora realízase a través dun concerto social publicado tamén no DOG, o cal beneficia ás entidades do terceiro sector. Isto non ten ningunha afectación na xestión do centro. De feito, a implantación do concerto social estase a realizar tamén nos outros centros de reeducación da Xunta, nos centros de intervención en medio aberto e tamén nos recursos de acollemento residencial como casas de familia ou miniresidencias.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O concerto social supón un novo mecanismo que permite impulsar as relacións da Xunta de Galicia coas entidades prestadoras de servizos sociais, e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades deste sector. Tamén se está a desenvolver con éxito noutros ámbitos da Consellería como a área de discapacidade.

Neste caso concreto, o concerto social para os centros de reeducación Monteledo e Montefiz publicouse o pasado mes de novembro e non supuxo unha diminución do cadro de persoal, senón todo o contrario.

Por último, respecto das infraestruturas do centro Monteledo, informamos de que a Xunta de Galicia está a executar actualmente as obras de reforma e eficiencia enerxética do propio centro, o que vai redundar nunha importante mellora nas condicións de traballo do persoal do centro e tamén nunha maior confortabilidade para as persoas usuarias do mesmo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0P5T8D3W0FNGERIN-Z
Verificación: CVE-PPREPAR: 8e9bd4c9-9321-5366-9752-a5071333e017
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 12:11:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 12:11:58
Nº Rexistro: 10164
Data envío: 30/08/2024 12:11:58,439

CSV: BGRSTBQ3W6YNGERIN-Z
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5219**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o investimento, o prazo para efectualo ou outro tipo de colaboración que a Xunta de Galicia prevé en relación coas obras de remodelación do hospital asilo de Ribadeo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"O Concello de Ribadeo está a reformar integramente o "Hospital Asilo municipal de San Sebastian e San Lázaro", para a súa adecuación como Centro residencial para persoas maiores. O custo total da obra ascende a mais de 1,5 millóns de euros.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Xuventude, vai colaborar co concello de Ribadeo no cofinanciamento desta actuación a través dun convenio de colaboración por un importe de 700.000.-€. O resto da financiación vai ser aportada polo propio concello, para o que conta con fondos procedentes dunha doazón efectuada no seu día por un ilustre veciño da vila para ese fin.

Esta colaboración económica da Xunta de Galicia vai posibilitar que o concello de Ribadeo poida completar a rehabilitación do antigo hospital asilo, para o seu uso como residencia de maiores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2024 10:49:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 10:49:31
Nº Rexistro: 10207
Data envío: 02/09/2024 10:49:31.687

CSV: B6P5TRB3GMDZQW6A42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5820**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**as previsións da Xunta de Galicia respecto da mellora da conectividade viaria do polígono industrial das Gándaras, en Lugo, cara a futuras ampliacións**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Economía e Industria** que ten o seguinte contido:

"O parque empresarial das Gándaras atópase contiguo ao parque empresarial do Ceao, un parque empresarial antigo que non foi promovido pola Xunta de Galicia. Nos anos 90 Xestur realizou unha ampliación do Ceao, vendida totalmente.

O parque empresarial das Gándaras está incluído no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia como actuación a promover por Xestur.

O Proxecto Sectorial foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta en febreiro de 2007. Foi obxecto de tres modificacións (aprobadas en Consello da Xunta o 20/10/2011; o 22/09/2016 e o 18/03/2021) coa finalidade principal de adaptar o tamaño das parcelas e a distribución de usos ás necesidades das empresas segundo as demandas detectadas.

A delimitación de Fases aprobouse o 05/07/2021. Foi obxecto dunha modificación aprobada o 08/09/2022 coa finalidade de dividir a fase VII nas fases VIIa e VIIb para facilitar o desenvolvemento do parque.

A súa execución comprende nove fases de urbanización cun ámbito bruto total de 2.135.512 m² dos que 1.090.635 m² son de parcelas lucrativas. Os terreos de todo o ámbito están xa adquiridos nos anos 2007 e 2009 por importe de 28,5M€.

Desenvólvese por fases para ir cubrindo as necesidades reais de implantación. As fases 1, 2 e 3 están rematadas cun investimento de 53M€. Está o solo totalmente vendido.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705


Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A primeira fase do parque empresarial finalizouse no ano 2010. Esta actuación que supuxo o 41% do parque foise vendendo entre os anos 2010 e 2023. Marcado inicialmente pola crise económica, con posterioridade ao ano 2015 coas bonificacións do 50% supuxo o seu despegue. O éxito das fases II e III, vendidas na súa totalidade, supón a posta en funcionamento do parque nun 48% e motivou a programación das fases IV, V e VIIa, que suporán no ano 2025 a posta en funcionamento do 58% do parque empresarial.



Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





SITUACIÓN ACTUAL.

Actualmente están en execución as fases IV-V e VIIa, a través dun contrato cun importe de adxudicación de 7,5M€, asinado contrato de obras o 27/05/2024.

Proxecto de urbanización aprobado definitivamente

No referente ás conexións o tecido empresarial reclama o desdoblamento da ronda norte desde a N-640 ata o acceso ao parque. É de titularidade do Estado polo que corresponde ao mesmo o seu desdoblamento, de feito, sempre se apoiou a petición de desdoblamento da Ronda Norte.

Ademais, dende a autovía A6, Xestur desenvolveu o Proxecto Sectorial aprobado conectando co polígono do Ceao a través do paso elevado sobre a liña do ferrocarril e con dúas rotondas na Ronda Norte. No PXOM non se contempla ningunha solución para o devandito acceso, sendo competencia do Estado o estudo da solución, en caso de ser posible. Polo tanto, no caso de que o Concello ou o Estado propuxesen solucións a esta cuestión, poderíase estudar a adaptación do Proxecto Sectorial a estas propostas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:39:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:39:14
Nº Rexistro: 10520
Data envío: 05/09/2024 09:39:14.275

CSV: B6P5TRB3M0JFQJ9ht-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5826**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o orzamento dedicado á Estratexia galega da infancia e adolescencia desde 2019 e a data en que se levou a cabo a súa última actualización"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"O Comité dos Dereitos do Neno da ONU publicou en 2018 o documento "Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados en España dirixidas ás Comunidades e Cidades Autónomas". Este informe, se ben reconece os avances realizados en España en relación ás medidas de seguimento adoptadas e os progresos realizados, establece a necesidade de introducir unha serie de melloras.

Neste sentido, indícase a necesidade de "adoptar un criterio baseado nos dereitos do neno a hora de elaborar os orzamentos públicos nos que se especifiquen claramente as asignacións para os nenos e nenas, con inclusión de indicadores específicos e dun sistema de seguimento que permita supervisar e avaliar a adecuación, eficiencia e equidade da distribución de recursos asignados para a aplicación da Convención".

Atendendo a esta indicación, a Xunta de Galicia foi pioneira en España en desenvolver un traballo de cuantificación e análise dos recursos dirixidos á infancia e á adolescencia a través dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, traballo que se vén realizando desde 2019, o que permite a análise do noso orzamento como unha ferramenta para a protección, incremento e mellora da eficacia e eficiencia dos recursos destinados aos nenos e nenas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Polo tanto, dende o ano 2019 dispón duns orzamentos en clave de infancia, sendo a primeira Comunidade Autónoma que executou as recomendacións internacionais nesta materia e que nos permiten analizar a porcentaxe que supón o gasto en infancia e adolescencia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2024, que é do 29,4%, o que representa en termos absolutos máis de 3.800 millóns de euros.

Neste importe figuran medidas de impacto directo na infancia adoptadas pola Xunta de Galicia que teñen sido pioneiras en España, e que están sendo imitadas por outras comunidades autónomas, como por exemplo o programa de gratuidade no primeiro ciclo de Educación Infantil, que beneficia a milleiros de familias galegas que utilizan as escolas infantís 0-3; a Tarxeta Benvida, para que as familias afronten os primeiros gastos que supón a chegada dun bebé ao fogar; ou a rede de casas-niño implantada polo territorio rural de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 12:11:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 12:11:44
Nº Rexistro: 10162
Data envío: 30/08/2024 12:11:44.189

CSV: B6PISIBDGAT0KXCEM#42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 5946**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as listas de espera para a valoración do grao en dependencia e o traballo da Xunta de Galicia coas entidades sociais co fin de mellorar os servizos ás persoas dependentes con grao recoñecido"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego ten o firme compromiso de seguir acurtando a espera aos galegos que agardan por un servizo, por iso, aprobamos un novo decreto que axiliza o procedemento e reduce a papélame. E reforzamos os equipos de valoración, coa incorporación de máis profesionais e a creación de novos equipos.

Estamos dando grandes avances pero é necesario que o Goberno central cumpra coa Lei de Dependencia e financie o 50% que corresponde, non só o 30%.

Aínda sen apoio do Executivo central, nos últimos tres anos o Goberno galego foi quen de incrementar nun 30% o número de expedientes resoltos. E reducimos ata o 2% a lista de espera, oito puntos por debaixo da media nacional.

É importante indicar que dende a Consellería de Política Social e Igualdade hai un diálogo continuo cos servizos sociais de base e coas entidades sociais, que son sen dubida a primeira porta a que ten que acudir a cidadanía, con información continúa a través do MATIASS".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:38:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:38:59
Nº Rexistro: 10518
Data envío: 05/09/2024 09:38:59.603

CSV: B6P5TRBCEU2TQ66k42
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6376**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a comprobación dos datos que figuran no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e en aplicacións informáticas con relación ás escolas infantís, sobre o control dos gastos que lles foron subvencionados pola Xunta de Galicia e sobre a situación respecto da escola infantil Xirandola, localizada na cidade de Santiago de Compostela"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"O programa de gratuidade no primeiro ciclo de Educación Infantil (etapa 0-3) é impulsado pola Xunta de Galicia a través de diferentes ordes de subvención, co obxectivo de que todas as familias usuarias de escolas infantís en Galicia poidan acceder a este beneficio. Cómpre lembrar que este programa é financiado excusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, nun importe que rolda os 60 millóns de euros por curso, dado que o financiamento do Goberno central é inexistente.

No caso concreto das escolas infantís de iniciativa social e de titulariedade privada, a programa desenvólvese a través de ordes de subvencións ás cales se acollen as escolas infantís, o que facilita a xestión deste programa e evita trámites e papeleos aos milleiros de familias usuarias das escolas infantís. A estas familias xa se lles aplica directamente a gratuidade na matrícula e na atención educativa sen que teñan que dirixirse á Xunta de Galicia.

Desde o inicio do programa, estas ordes de subvención contan cos correspondentes informes técnicos favorables da Consellería de Facenda, competente no control e fiscalización de todas as subvencións na Comunidade Autónoma, e son aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia antes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Posteriormente, os distintos pagamentos ás entidades que se realizan ao abeiro desta orde de subvencións son fiscalizados polo órgano administrativo correspondente. E para efectuar estes pagamentos é requisito de obrigado cumprimento que a entidade beneficiaria non teña débedas coa AEAT, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

Por último, cómpre lembrar que todas as escolas infantís de titularidade privada e de iniciativa social están sometidas ao cumprimento da normativa autonómica específica do primeiro ciclo de Educación Infantil, e son inspeccionadas de xeito periódico polo servizo de inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/08/2024 12:11:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 12:11:26
Nº Rexistro: 10160
Data envío: 30/08/2024 12:11:26.142

CSV: B6P5TRB9G6K0FY05F8n8-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6489**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o eventual desenvolvemento por parte do Goberno galego de plans de información á poboación relativos ás prestacións sociais ás que ten dereito e a estimación das cifras de persoas acreedoras que non as solicitan por descoñecemento ou dificultades de tramitación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa conxuntamente cos servizos sociais de base, tanto do Sistema Galego de Saúde, dos concellos, deputacións, áreas metropolitanas, as propias entidades de natureza social para informar a todas as persoas dos seus dereitos en xeral, pero en particular en materia de dependencia pola especial vulnerabilidade da poboación afectada.

Como mostra desta colaboración entre Administracións e sector social o volume de solicitudes en dependencia creceu dende o ano 2020 ata o 2023 (último exercicio cerrado) nun 61%, é dicir, a información chega a través non so da Xunta de Galicia senón tamén a través dos servizos sociais de base, que son os máis próximos á poboación o que lles permite identificar as necesidades da poboación que deben ser atendidas polo sistema de dependencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/09/2024 9:38:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 09:38:45
Nº Rexistro: 10516
Data envío: 05/09/2024 09:38:45.182

CSV: B6P5T8D3F4RTRQYm#2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9564**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"o nivel de sinistralidade laboral en Galicia, as actuacións do Goberno galego nos últimos anos e as súas previsións nesta materia e os recursos con que conta o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O compromiso da Xunta coa prevención de riscos laborais para garantir a seguridade e a saúde laboral é innegable, tamén en materia de transición dixital, demográfica e ecolóxica. Desde todas as ópticas posibles, os lugares de traballo teñen que ser seguros e saudables.

Galicia ten unhas actividades económicas de alto risco e de elevada sinistralidade como poden ser os sectores forestais, a pesca, ao que hai que engadir, sen ser específica de Galicia, a construción. Dende a Xunta de Galicia, especialmente a través do Issga, estanse facendo campañas específicas para o risco de caída en altura en construción, incluído o persoal por conta propia, estase traballando de maneira integral nas actividades de pesca e afíns e apóstase decididamente por un cambio de forma de xestionar a prevención no sector forestal, impulsando a creación de servizos de prevención mancomunados que sen dúbida reducirán as cifras actuais, que a todos nos ocupan e nos preocupan.

Temos un claro obxectivo que é o de concienciar ás empresas da necesidade de garantir a seguridade e saúde no traballo que é prioritario para o Goberno galego, feito que explica que se desenvolvan controis en coordinación coa Inspección de Traballo para garantir que se respectan os dereitos das persoas traballadoras.

A este respecto cabe lembrar que **os orzamento do Issga para o 2024 incrementáronse un 2,45% con respecto ao ano anterior.**

O Issga, xunto coa ITSS, investiga individualmente todos os accidentes graves e mortais no momento que ten coñecemento, desprazándose de inmediato ao lugar para as primeiras investigacións e inicio do informe.

Contamos con instrumentos para incidir na redución da sinistralidade, como a **Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027**, que renovamos en consenso con patronal e sindicatos para incidir, de xeito decisivo, na redución dos sinistros en sectores máis afectados. A estratexia atende ás necesidades de enfrontar os riscos ante a transformación do mercado laboral e

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





aborda, entre outras, a xestión preventiva no uso de tecnoloxías como a intelixencia artificial, internet ou plataformas virtuais de traballo.

Na mesma liña, non podemos esquecer o esforzo investido na posta en marcha de campañas de prevención de riscos en distintos sectores promovidas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), que van desde a sensibilización ata á materialización de recoñecementos médicos periódicos para coñecer a relación entre a saúde laboral e os riscos no traballo, así como campañas informativas sobre recomendacións preventivas e xornadas explicativas sobre temáticas de interese, sobre todo de cara a colectivos especiais. Dentro desta formación, podemos destacar dous cursos recentes sobre *Análise de evidencias de riscos laborais nos aproveitamentos forestais*.

En concreto, no ano 2024 realizáronse distintas campañas que inclúen actuacións como a elaboración e difusión técnica, a realización de visitas de asesoramento técnico ás empresas por parte do persoal do Issga e actividades formativas, tanto para o persoal traballador como alumnado de distintos ciclos de FP, coas que se pretende incidir nos riscos que están a provocar accidentes de traballo con resultados graves ou mortais.

O persoal do Issga participa en preto de 50 grupos de traballo técnicos a nivel autonómico e estatal, permitíndolle fomentar a capacitación técnica e o rigor científico. Estes grupos son a base para a elaboración de documentos técnicos e de nova normativa que fomente e facilite a redución da sinistralidade laboral mediante unha adecuada xestión dos riscos.

Estas campañas teñen un efecto importante en xerar un comportamento de traballo seguro, en dar as pautas técnicas para previr eses riscos, co consenso dos axentes sociais, tanto as organizacións empresariais como as sindicais, coñecen estes traballos e colaboran activamente na súa difusión desenvolvendo o seu importante papel como actores da prevención de riscos laborais."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/09/2024 10:49:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 10:49:08
Nº Rexistro: 10204
Data envío: 02/09/2024 10:49:08,547

CSV: B0PISJTB03/60341QR3mH-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

